

AS ÁRBORES DE GALICIA

Unha árbore é un vexetal terrestre formado por raíz, talo e follas, no que destaca o toro elevado, leñoso e ramificado. Pero cada un dos seus compoñentes ten características propias que serven como sinais para recoñecela e identificala. O conxunto do toro e as ponlas dalle ás árbores o seu porte característico, a imaxe que permite recoñecelos e distinguilos a distancia. Outro dos elementos importantes para recoñecer as árbores son as tonas



Castiñeiro



Alcipreste mediterráneo



Salgueiro chorón



Piñeiro manso



Sobreira



Bidueiro



Piñeiro



Eucalipto

As árbores son necesarias e útiles pola súa acción purificadora do aire (consumen dióxido de carbono e producen osíxeno), como reguladores hídricos (reteñen a auga da chuvia e controlan as canles dos ríos e as avenidas) e do ambiente (proporcionan sombra e achegan humidade), crean e enriquecen o solo e protéxeno da erosión grazas ao entramado das súas raíces, actúan de cortaventos para os cultivos, fan de pantalla contra ruídos e radiacións, depuran solos contaminados, crean diversidade, son hábitat e refuxio para a fauna, fan os espazos máis agradables, son fonte de pracer e beleza, e delas obtéñense gran cantidade de produtos útiles, moitos imprescindibles para a vida do ser humano.


En Galicia as árbores ocupan un lugar importante na fisonomía e na economía; son parte fundamental da paisaxe e fonte de recursos polo seu aproveitamento agrícola e forestal. Por iso, este traballo pretende ser un achegamento ao coñecemento das nosas árbores e, ao mesmo tempo, amosar algunhas das máis sobresaíntes.




Serradeiro industrial.

O sector forestal galego, sen incluír a industria de segunda transformación, constitúe un 4,5 % do PIB e xera máis de 40.000 empregos.

Planta xeradora de enerxía eléctrica a partir de biomasa forestal en Allariz.



Casa en Seceda. O Courel.



Parque de Castrelos.Vigo



¡TERRA A NOSA!

*Baixo a prácida sombra dos castaños
Do noso bon país,
Baixo aquelas frondosas carballeiras
Que fan dóce o vivir...*

Rosalía de Castro "Follas Novas"

As árbores forman parte do patrimonio biolóxico e social da humanidade

Son referentes naturais, elementos importantes da biodiversidade do planeta, útiles e con valor económico, e son referentes culturais pola súa antigüidade, tamaño, rareza, singularidade ou pola súa vinculación con lugares ou acontecementos que son parte da historia ou das tradicións dos habitantes dun lugar determinado; algunhas chegan a ter tanta importancia que se converten en símbolos con nome propio.

En Galicia considéranse sagrados os teixos, os carballos, a aciñeiras e os bidueiros. Os paisanos din que a sombra do do carballo e do piñeiro son boas, a do castiñeiro non é boa, por húmida e fría, e a da nogueira é enfermiza. Algunhas árbores teñen propiedades curativas como os carballos, nos que se fai o rito da pasaxe. A festa dos maíos está relacionada co culto ás árbores. Nalgunhas zonas (Entrimo, Laza) era tradición cantar no medio da praza a árbore de maio enfeitada con fitas de cores, flores, bolos, chourizos...



No carballo de Armada (Sobrado) din que se apareceu a Virxe e por iso se construíu a capela a finais do século XVIII. Hai numerosas lendas que fan referencia á aparición de Virxe e santos nos ocos das árbores.



No carballo de San Antonio (Vilar de Francos-Carballo) existe a tradición entre as parellas casadeiras de lanzar pedras aos buratos da árbore . Se a pedra queda no oco é sinal de felicidade. Tamén hai unha lenda que conta que se se lle corta unha ponla ou se lle fai unha ferida a árbore deita un líquido coma sangue, debido a un miragre de San Antonio.

Oliveira, símbolo de Vigo. Esta árbore, plantada en 1815, substitúe a outra moi antiga que databa do século XV.



Carballo da Viña (O Pelete-A Lama). Ten máis de 400 anos. É costume regalo con viño o día da festa da Virxe dos Remedios.



Teixos de Carballedo. No norte e na montaña de Lugo era costume plantar un teixo á entrada das poboacións e nos adros das igrexas..

As árbores son os máis grandes e os máis lonxevos dos seres vivos. As primeiras árbores, tal como as coñecemos hoxe, poboaron a Terra hai uns 200 millóns de anos.



AS MÁIS VELLAS

Piñeiros de Monterrei
As árbores máis vellas que se coñecen son os piñeiros de Huón de Tasmania con 10.500 anos e os piñeiros de Monterrei de California con 4.723 anos.

Carballo do pazo de Cartelos. Carballedo (Lugo).
As árbores máis vellas de Galicia acadan arredor dos 500 anos.



Salgueiro enano, en Islandia. Os salgueiros do Ártico son as árbores máis pequenas, non levantan do chan máis de 10-15 cm.

AS MÁIS GRANDES

Secuoia “Xeral Sherman”, en California. A árbore máis grande que se coñece, con máis de 83 m, un perímetro de máis de 25 m e 1.500 toneladas. A árbore máis alta é a secuoia vermella “Stratosphere Giant”, que sobrepasa os 112 m de altura.



O Avó de Chavín (Viveiro), a árbore máis alta de Galicia, con case 70 m, a máis alto de España e a segunda de Europa.



AS MÁIS GROSAS

O toro máis groso que se coñece é o dun alcapreste de Moctezuma ou árbore de Tule que está en Oaxaca (México). Acada os 58 m de perímetro, 43 de altura e ten máis de 2.000 anos.

Castiñeiro de Pumbariños. Manzaneda, a árbore de maior perímetro de Galiza, con algo máis de 12 m.



A VIDA NAS ÁRBORES

As árbores son o soporte para o asentamento de moitos seres vivos. Proporcionanlles acobillo e sustento.

Todas e cada unha das súas partes (raíces, talos, follas, flores, froitos...) serven de alimento a diferentes seres especializados e estes á súa vez aos seus depredadores. Nas árbores, entre as súas follas, protexidos pola súa altura, ao seu abrigo, nos seus ocos e nas regañas das súas tonas agóchanse, protéxense e teñen as súas crías unha gran cantidade de seres.

Ao seu carón, ao amparo da súa sombra, ou apoiados no seu toro, desenvólvense outras especies vexetais e animais. Finalmente os restos das árbores e dos seres que se asocian a elas serven de alimento aos descompoñedores que crean materia para formar o solo e, deste xeito, devolven de novo á terra, e ás árbores, minerais para que os volvan a transformar en materia viva.



Distintos tipos de brións no toro dunha árbore.

Bacaloura (*Lucanus cervus*). É o insecto galego máis grande. As mandíbulas do macho, grandes e fortes, son a arma coa que loitan para conseguir as femias. A súa eiruga vive durante varios anos no interior do toro dos carballos, e outras árbores, alimentándose de madeira. É un animal en perigo de extinción.



Borboleta *Charaxes jasius*, típica dos bosques de érbodos.



Eirugas do alacrán dos carballos (*Thaumetopoea processionea*).



Cabriña (*Davalia canariensis*), un fento epifito que se pode atopar no alto dos toros das árbores.



O esquío alimentase de gomas, froitos e sementes das árbores.



Cerambyx cerdo, un escarabello que pasa varios anos en estado larvario alimentándose da madeira



Eiruga de *Laothoe populi*. Aliméntase de follas de chopos, bidueiras e salgueiros.



Barba de frade (*Usnea filipendula*), un dos moitos líques que poden vivir sobre as árbores. Os líques son indicadores da saúde ambiental, xa que son moi sensibles á contaminación.



Os fungos aliméntanse da materia orgánica. Hainos que parasitan as árbores e poden chegar a matalas, mentres outros asóciáanse en simbiose ás raíces e proporcionanlles beneficios.



Bugallo no escornacabras, provocado por unha colonia dos pulgóns *Aphis pistaciae*.



A altura das árbores proporciona a seguridade necesaria para que as aves fagan os seus niños.



Paporrubio.

Os pequenos paxaros atopan nas árbores refuxio e alimento (froitos, sementes e insectos). Os paxaros insectívoros son beneficiosos para as árbores porque se alimentan dos insectos que os parasitan.


OS BOSQUES GALEGOS

Os bosques son as agrupacións naturais de árbores, ecosistemas constituídos por un conxunto de árbores, arbustos e outros vexetais no que domina o estrato arbóreo, pouco ou nada influídos pola acción humana.

Os bosques galegos caracterízanse pola súa gran biodiversidade debido a que contan cunhas condicións climáticas especiais, con mestura de clima atlántico e mediterráneo (por eso podemos atopar en moi pouco espazo especies vexetais correspondentes a un e outro clima, ou dos dous), e ao seu releve accidentado, o que da lugar ao asentamento de variadas comunidades vexetais.

En Galicia podemos atopar diferentes tipos de formacións arbóreas naturais (fragas, bosques de ribeira, devesas, carballeiras...) ou antrópicas (plantacións de eucaliptos, piñeiros, soutos, parques e xardíns...)

A formación dun bosque é un proceso lento que, en estado natural, case sempre vai parello ao da formación do solo no que se asenta. Comeza co asentamento das herbas, detrás delas aséntanse os arbustos e entre eles desenvólvense as primeiras árbores e os seus animais asociados. Cando estas primeiras árbores acadan unha certa altura crean unha cuberta que fai cambiar as condicións ambientais do espazo que está debaixo delas, crea un microclima axeitado para o desenvolvemento das especies de sombra, coas que o bosque acadará a súa máxima complexidade e desenvolvemento, e chega á estabilidade (climax).



Carballeira do Xesta, no Suído. Os bosques reciben distintos nomes segundo as especies que dominan nel (carballeira, faial, bidueiral), ou o lugar onde se asenten (bosque de ribeira). As plantacións reciben o nome da especie dominante (piñeirais, eucaliptais, soutos...).



Fragas do Eume.

DEVESA da ROGUEIRA

Bidueiros cimeiros!
Pena das Augas!
Xardois teixos
rebolos tocos faias derrubadas!

Camiño da Veneira!
Carreiro dos dez regueiros!
Cereixas de carnabudo! Abrotias abrairas
pincheiras e pincheiras!

Eiquí sempre foi bosco.

Ruxir solo
da fonte do corzo!
Barbas do mofo
pingando dos toros!
(Uxío Novoneyra, “Os eidos”)



Bosque mixto no Invernadeiro.

Os bosques de ribeira, son formacións arbóreas asociadas ao curso dos ríos. Están formadas por, amieiras, salgueiros, bidueiras, freixos, avelaneiros, sanguieiros, sabugueiros, lamigueiros, chopos... Teñen unha gran importancia ecolóxica porque regulan a temperatura e a luminosidade das augas, proporcionan refuxio e alimento á fauna, actúan como filtros verdes que limitan a chegada de contaminantes e serven de corredores para os desprazamentos dos animais.



Fraga de Penarubia. Serra dos Ancares.

As fragas son os bosques naturais característicos de Galicia. As árbores dominantes son o carballo, a abelaira, o bidueiro ou o pradoiro, e, en menor cantidade faias, carbas, castiñeiros e especies de folia perenne como loureiros, acivros, érvedos...



Plantacións de eucaliptos no norte de A Coruña .



Plantacións de piñeiros rubios nas montañas de A Fonsagrada.



Souto no Courel. Os castiñeiros cultívanse para aproveitar castañas, madeira, cogomelos...

CARBALLO

Quercus robur
CLASE :
Anxiospermas
ORDE : Fagales

O carballo común ou do país é a árbore máis representativa da flora galega. Pode acadar os 50 m de altura e os 1000 anos de idade. A copa é globosa e o toro forte, moi ramificado coa tona gris, lisa, nos exemplares novos e fendida, reticulada e de cor parda nos vellos. O carballo é orixinario de Europa, Asia e o norte de África. En Galicia atópase por todo o territorio aínda que é máis escaso na zona sur-oriental.

A importancia do carballo en Galicia pódese deducir pola súa abundante presenza na toponimia (Carballo, Carballedo, Carballeda, Carballiño...), na heráldica (está presente tanto en escudos de familias como de concellos), nos ritos e crenzas populares (curación de esbrilladuras e o tangaraño), nos usos e na medicina (para fortalecer os vasos circulatorios e contra as inflamacións, como astrinxente...).

As follas son simples, alternas, ovais e lobuladas, de 10-12 cm de lonxitude e 8 cm de anchura, co peciolo moi curto.



As flores son moi pouco aparentes. As masculinas, agrúpanse en amentos delgados de uns 4 cm. As femininas, espidas, de forma globosa, de 1 mm, de cor parda cos estigmas vermellos. Aparecen en grupos de 2 a 4. Florece de febreiro a marzo.



As landras son froitos secos. Miden de 3 a 4 cm de longo e entre 1,5 e 2 cm de ancho. Aparecen, en grupos de 2 a 4, sobre rabiños de 4 a 8 cm de lonxitude. Maduran en setembro.



É frecuente atopar sobre os carballos distintas formacións (bugallos, carabouxos, cocos, mazáns de cuco...) producidas pola reacción da árbore ás postas de diferentes insectos



Carballo do Pazo de Cartelos. (Carballedo-Lugo). Ten 35 m de altura e nalgúñas partes acadada case 12 m de perímetro debido ás nórregas do seu tronco. É un dos máis altos de Galiza e está considerado o de máis idade, posiblemente supere os 500 anos.



Carballo da Rocha na Saíza de Abaixo (Rairiz de Veiga-Ourense). É un dos máis altos, con 35 m e conta con máis de 250 anos. Forma parte do escudo municipal de Rairiz da Veiga.

En moitos puntos de Galicia consérvanse carballos singulares, verdadeiros monumentos naturais que son o orgullo dos seus propietarios e dos lugares nos que se atopan.




Carballo da Casa do Herdeiro. Carballedo. A parte baixa do toro é moi ancha debido a que está totalmente cuberto de nórregas. Ten 16 m de altura e 8,38 m de perímetro no toro. Conta con arredor de 500 anos.



Carballo de San Antonio. Situado no exterior do Pazo de Vilar de Francos. (Parroquia de Artes-Carballo). É unha árbore que conserva unha estrutura regular, coa copa ancha e de gran volume. Ten 23 m de altura, 6,60 m de perímetro e unha idade estimada entre 200 e 500 anos.



Carballo de Cerracín (Friol-Lugo). Mide 24 m de altura e 6,50 m de perímetro troncal. Conta entre 250 e 500 anos.



Carballo de Santa Margarida. Mourente-Pontevedra. Conta con perto de 500 anos. Segundo a tradición as promesas que se fan debaixo del non poden romperse nunca.

Santa Margarida do Monteporreiro que ten o carballo maiore do Reino. Frei Martín Sarmiento (1695-1772) "Coloquio en mil duascenas coplas galegas", 1746.

CERQUIÑO

REBOLO, CARBALLO NEGRAL

(*Quercus pyrenaica*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

Pode aparecer como árbore, de ata 25 m de altura ou como arbusto que emite moitos talos desde a raíz. É orixinario do surleste de Europa e norte de África. En Galicia atópase sobre todo na área suroriental, en zonas altas e secas, e máis raramente polo resto do territorio. Os bosques de cerquiños ou rebolos chámanse reboleiras. Adoitan ir acompañados con sobreiras, aciñeiras, erbedos e carrascas.

En algúns lugares atribúenselle ao cerquiño propiedades medicinais. Os que se atopan nos lindeiros dos eidos curan a sarna ao fregarse contra eles.

As follas son simples, alternas ovovadas, cos lóbulos moi profundos e miden de 8-16 cm de longo e 4-12 cm de ancho. Son de cor verde-gris pola cara e gris e moi peludas polo revés. Nos exemplares novos e arbustivos permanecen nas ponlas case todo o inverno.



As landras miden de 1,5 a 4 cm de longo. Aparecen, en grupos de 2 a 4, sentadas ou sobre rabiños curtos.



Mazáns de cuco, unha formación producida por un insecto.



Reboleira no Macizo de Trevinca.



Cerquiño da Praza do Campo. Quindous. Cervantes. Ten 18 m de altura e supera os 100 anos. O cerquiño máis grande de Galicia, que mide arredor de 27 m de altura, atópase no Pazo da Pena (Rozabales-Manzaneda).

CARBA


CARBALLO ALBARIÑO

(*Quercus petraea*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

Arbore de ata 30 m, de características semellantes ao carballo común co que forma híbridos. Orixinario do sur de Europa e de Asia Menor. En Galicia atópase sobre todo nas zonas altas como Ancares, O Courel e serras orientais de Ourense. Os usos e aproveitamento son os mesmos que os do carballo. Non sofre os ataques dos insectos como as outras especies de carballos. A súa madeira foi moi valorada para construír barcos e no século XVII estivo a piques de extinguirse.



As follas son simples, alternas, ovaladas, lobuladas e cun peciolo de arredor de 2 cm de lonxitude. Son de cor verde intensa pola cara e pálidas polo envés.



As landras son pequenas, de 1,5 a 2 cm de longo e sen rabo.



Carba da Praza do Campo. Quindous. (Cervantes-Lugo). Ten 21 m de altura e 250 a 500 anos



CAXIGO

(*Quercus faginea*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas


Árbore de copa pouco densa que pode acadar 20 m de altura, co toro dereito e a tona gris-parda escura con moitas enrugas. É orixinaria da Península Ibérica e vive en zonas de clima mediterráneo suave. En Galicia atópase algún exemplar en As Nogais, Triacastela, Samos, Verín, Xinzo de Limia e arredores de Ourense.



As follas son marcesentes, simples, alternas, de forma oblonga ou ovovada de até 6 cm de lonxitude, coa beira serrada-lobulada de cor verde escura e lustrosas polo dereito e pálidas, con peliños, polo revés, cun peciolo de 1 a 2 cm



As landras miden ata 3,5 cm de lonxitude.



Caxigo na Alameda de Pontevedra.

CARBALLO ENANO

(*Quercus lusitanica*).
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

É un carballo de porte arbustivo que non pasa de 2 m de altura. As follas son marcesentes, simples, alternas, de forma elíptica ou ovovada de ata 12 cm de lonxitude, coa beira lobulada e un peciolo curto. É orixinario da Península Ibérica e Marrocos. Vive en piñeirais e matogueiras. En Galiza atópase no Monte Pindo.



SOBREIRA

Pode acadar os 25 m de altura. Ten o toro curto e groso, coa tona grosa e suberosa (cortiza) e a folla persistente.

A flores masculinas son amentos colgantes de cor verde-amarela. As flores femininas son pequenas e forman grupos reducidos. É unha árbore de orixe sur-europea e norteafricana.

En Galicia atópase nas zonas de clima mediterráneo, en Ourense (vales do Miño e Sil), no Ulla e nas Rías Baixas, en pés illados no medio doutras árbores ou formando pequenas manchas boscosas (sobreirais) xunto con carballos, rebolos, escornacabras, érbedos, loureiros... En xeral son formacións abertas e moi alteradas polo aproveitamento da cortiza.

A cortiza da sobreira, polo seu grosor e elasticidade explótase comercialmente. Utilízase para rollas de botellas, láminas illantes e revestimentos de paredes e pisos. Noutros tempos utilizouse para facer trobos para as colmeas e boias para os aparellos de pesca. A colleita de cortiza faise cada 7 anos.

A cortiza utilízase tamén como astrinxente.

CORTICEIRA
(*Quercus suber*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas



A tona das sobreiras (cortiza) é grosa, esponxosa, moi enrugada e fendida. As árbores presentan aspecto distinto se manteñen a tona orixinal (cor gris, moi gretada) ou se lles foi retirada (de vermello a castaño escuro e con menos fendas).



Sobreira de Balboa. (A Estrada). É a máis antiga de Galicia, con arredor de 500 anos. Mide 15 m de altura e preto dos 9 m de perímetro.



Os froitos son landras de 3 cm de lonxitude, cubertas na súa metade por unha cúpula escamosa.

As follas son, ovais, de 3 a 7 cm de lonxitude por 2 a 3 cm de ancho, rixidas, coa beira enteira ou lixeiramente ondeada con pequenas espiñas, lisas e de cor verde escura polo dereito e máis craras e peludas polo envés.



ACIÑEIRA

(*Quercus ilex*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

Árbore de ata 12 m que moitas veces non pasa de arbusto, co toro forte e a tona case negra, áspera, fendida en placas cadradas pequenas. Ten a copa moi ampla e a folla persistente.

É orixinaria da rexión mediterránea.

En Galicia atópase nos vales do Sil, do Limia e do Támega e asociada ás rochas calcárias en Cruzul (Becerreá) e no Courel formando pequenas manchas (carrasqueiras ou aciñeirais) onde a acompañan abruñeiros, sangomiños, acivros, e nas zonas ourensás estripas, érbedos e escornacabras.

Son formacións de pouca extensión pero de gran interese ecolóxico.

A aciñeira usouse moito como combustible e para facer carbón para as ferrerías.

A tona úsase como astrinxente



Aciñeira da igrexa de Enciñeira (Quiroga). Ten máis de cen anos. Ardeu parcialmente no verán de 2005.



As flores son unisexuais, as masculinas forman amentos colgantes e as femininas nacen en pequenos grupos cun rabo curto.



As follas son elípticas, de ata 7,5 cm de lonxitude e 5 cm de ancho, duras, coa beira lisa ou con algúns dentes pequenos, co dereito de cor verde-gris brillante e o envés máis craro e peludo.




As landras miden de 1,5 a 3,5 cm de lonxitude e de 1 a 2 cm de grosor. Están cubertas pola cúpula ata 1/3 da súa lonxitude. Maduran entre outubro e novembro.



Sobreira de Santiorxo, San Cosme de Liñares (Pobra de Brollón-Lugo). Ten perto de 500 anos, 16 m de altura, e un diámetro considerable debido as nórregas que rodean o toro. O interior está oco.

Sobreiral do Arnego, o único bosque de sobreiras que se conserva en Galicia no que se explota a cortiza.



Aciñeiral de Cruzul. (Becerreá-Lugo). O máis septentrional de Galicia e da Península Ibérica. Está asentado sobre un banco de rochas calcarias dolomíticas con fortes pendentes que proporcionan un ambiente seco.

Aciñeira de Cobas (Rubiá-Ourense). É a máis grande e máis antiga de Galicia, con preto de 400 anos. Mide 17,50 m de alto e 6 m de perímetro. Segundo unha lenda local debaixo da pedra que está na base do toro hai enterrado un tesouro do tempo dos mouros.

CASTIÑEIRO

(*Castanea sativa*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

É unha árbore de copa cónica nos exemplares novos e esférica nos máis vellos que pode acadar os 30 m de altura. O toro é robusto coas ponlas fortes e case horizontais. A tona é gris lisa nos novos, logo vaise agretando e escurecendo. É unha árbore orixinaria de Asia Menor que se difundiu por Galiza en tempos dos romanos. Cultívase en soutos, que ocupan en Galicia arredor de 30.000 ha (sobre todo en Ourense e Lugo).A ampla extensión do cultivo deu lugar á aparición de moitas variedades (hai 143 rexistradas). Do castiñeiro aprovéitase a madeira moi apreciada en ebanistería por que é dura, ten un bo acabado e resiste ben a couza e a rela; as ponlas novas fendidas, para facer cestos e as castañas como alimento de persoas e animais.

A castaña foi un elemento importante na alimentación ata que se estendeu o cultivo da patata e o millo. Botábanse no caldo, cocíanse con auga ou con leite, asábanse, facíase puré.... Os produtores véndenas en verde, pero hai empresas que as preparan, envasan e conservan de diferentes maneiras.



“Ofrenda a San Ramón”, escultura de Francisco Asorey.



As follas son simples, alternas, de aproximadamente 15 x 5 cm, de cor verde brillante polo dereito e cubertas de pelo moi fino polo revés, cos nervos moi marcados. O peciolo é cilíndrico e curto.



As flores son unisexuais e aparecen en amentos longos (25 a 32 cm) ocupados maiormente por flores masculinas de cor amarela. Algúns levan na base as flores femininas, formadas por varios ovarios agrupados no interior dunha cuberta espiñenta de cor verde.



Os froitos (castañas) desenvólvense no interior do ourizo que se abre cando madura, entre setembro e outubro, para deixalas libres.



Castiñeiro de Pumbariños, no Souto de Rozabales en Manzaneda (Ourense). É o de maior perímetro de Galicia, con máis de 12 m, e supera os 500 anos. Foi declarado Monumento natural en 1995.



Castiñeiro da Ribeira. Manzalvos. (A Mezquita-Ourense). Ten arredor de 500 anos. Mide 25 m de altura e case 11 m de perímetro.



Castiñeiro O Mola. Chaguazoso. (A Mezquita-Ourense). Pode ter 400 anos e case 10 m de perímetro. Despois de varias queimas está a piques de secar.



Castiñeiro da Val da Fonte, Paderne (Folgoso do Courel-Lugo). Mide 16 m de altura e case 8 m de perímetro. Na parte baixa é moi grosa e está oco. Ten de 250 a 500 anos.

Nas zonas onde se cultivan as castañas existen aparellos e instalacións específicos relacionados co seu aproveitamento: ouriceiras, onde se amorean os ourizos para que abran; e sequeiros, onde se secan.



O magosto é a festa tradicional que acompaña a colleita da castaña. Celebrase en novembro e ten unha longa tradición en Ourense. Ásanse e cómense as castañas xógase e cántase.



Castiñeiro de Cerdedelo. (Laza-Ourense). Ten 11,40 m de contorno.

Castiñeiros de Quintela de Catasós. (Lalín-Pontevedra). Posiblemene plantados a mediados do século XIX. Miden entre 33 e 35 m de altura. Declarados únicos pola FAO en 1954 por ter o fuste máis alto de Europa e actualmente están declarados Monumento Natural.

FAIA

(*Fagus sylvatica*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fagales

FAMILIA: Fagáceas

Árbore de ata 40 m de altura coa copa redondeada e espesa. Medra lentamente e acada a madurez aos 100 anos.

O toro é recto coa tona lisa de cor verde-gris e ramificación ergueita. Precisa humidade e temperaturas frescas todo o ano.

É unha árbore típica de climas fríos, orixinaria de Europa Central. En Galicia é escasa. Só se atopa en zonas montañosas da provincia de Lugo. Os mellores exemplares consérvanse en parques e xardíns.

A madeira de faia é de boa calidade e úsase para facer móbeis e parquet.

Noutros tempos usouse para facer carbón.

Os faiais galegos son pequenas masas forestais asociados moitas veces aos terreos calcários ou situados en zonas de transición con carballeiras, en terreos montañosos orientados ao norte. Son bosques umbríos e con pouco mato. Os máis importantes atópanse nos Ancares (Pintinidoira), O Courel (Devesa de Rogueira, Romeor), O Cebreiro (Liñares, Zanfoga, Riocereixa, Fonteformosa) e A Marronda.



As follas son alternas, ovais-apuntadas coa beira lixeiramente ondeada e con peliños, cos nervos e o envés peludos. O peciolo é curto.



Faias na Marronda. Baleira (Lugo). Nesta fraga atópase o límite occidental de distribución da faia. Forman manchas nas zonas máis húmidas dentro dun bosque mixto de carballos, bidueiros, carbas, capudres, avelaíras, acivros...



Faias do Parque de Castrelos. (Vigo). Teñen máis de 150 anos. A máis grande ten 42 m de altura e case 3,50 m de perímetro.



Os froitos (faiuchos), secos, están encerrados nunha cúpula cuberta de pelos grosos e duros que se abre ao madurar. As sementes son comestibles.



Faia no Monte Aloia (Tui-Pontevedra). Ten máis de 3 m de perímetro troncal, uns 20 m de altura e case 30 m de diámetro de copa.



Faias na Devesa de Rogueira. O Courel (Lugo). As faias atópanse mesturadas con carballos, carbas, acivros, teixos, pradairos, capudres...



Faial de Fonteformosa. Pedrafita do Cebreiro (Lugo). O faial máis puro de Galiza.

ABELAIRA

ABELEIRA, ABELANEIRA, ABRAIRA

(*Corylus avellana*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fagales

FAMILIA: Betuláceas



As follas son caedizas, simples, alternas, case redondas e acorazonadas na base, de 7 a 10 cm de lonxitude, coa beira dobremente serrada e con peliños pola cara.



A flores son unisexuais e nacen no mesmo pé, antes que as follas. As masculinas son amentos longos de ata 9 cm de lonxitude. As femininas son ovais, de cor parda, rodeados por escamas dos que sobresaen os estigmas de cor vermella. Florecen de xaneiro a abril.



O froito (abelá) é un aquenio duro, de forma esférica-apuntada e cor castaña, cunha semente grande que se come. Os froitos están envoltos por 3 perfílos parcialmente fusionados a xeito de campá coas beiras recortadas.



Abeleira do Parque de Castrelos (Vigo).



Abeleira do xardín do Pazo de Lourizán (Pontevedra).



Abeleda no río Seixo (Cariño)

BIDUEIRO

BIDO, BEDOLO

(*Betula alba*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fagales

FAMILIA: Betuláceas

Árbore que pode acadar os 20 m de altura, coa copa cónica e estreita nos exemplares novos e máis redondeada e coas ponlas colgantes nos vellos. O toro adoita ser curto e dereito, cuberto por unha tona lisa de cor branca prateada con liñas horizontais grises, e vaise escurecendo nos vellos. As ponlas novas teñen a tona de cor púrpura. É orixinaria de Europa e do norte de África. É unha árbore de crecemento rápido que prefire os solos húmidos de media e grande altitude. Atópase ata os 1.600 m de altitude.

En Galicia é común en gran parte de Lugo e Ourense, na metade norte da Coruña, frecuente no leste de Pontevedra e escaso no resto do territorio. Ocupa arredor de 25.000 ha. Outra especie de bidueiro que podemos atopar, aínda que menos común e polo xeral procedente de plantación é o *Betula pendula*.

Á madeira de bidueiro é branda e lixeira. Emprégase en ebanistería, para facer zocas, culleres, aparellos, contrachapados, cestos... A tona usouse para conducións de auga e recubremento de chozos e as follas e gomos, en infusión como diurético, antirreumático e depurativo.



Bidueiral en Xares (Serra do Eixe)



As flores femininas son núas, en acios de 5 ou 6 amentos de cor verde pálida. As flores masculinas son amentos de cor amarela pálida de 2 a 3 cm de lonxitude. Aparecen no verán antes da caída das follas, permanecen todo o inverno na árbore e abren en febreiro-marzo.



Bidueiral de Montederramo, bosque de bidueiros con gran cantidade de exemplares centenarios, situado entre os 1.000 e 1.619 m de altitude. Está declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, incluído na Rede Natura 2000. Os bidueirais ou biduídos formacións asociadas ás zonas húmidas de altitude media. As masas dunha certa entidade atópanse por riba dos 400 m. Adoitan estar acompañados de capudres, abelairas, teixos, pradairos, acivros, cerdeiras bravas e olmos de montaña. Nas zonas máis baixas atópanse mesturados con carballos. As mellores formacións atópanse na Serra de San Mamede, Serra do Eixe, Os Ancares e Macizo Central.



As follas son simples, caedizas, de forma romboidal ou ovo-triangular coa beira dobremente dentada; miden de 4-6 cm de lonxitude e 3-5 cm de ancho, son de cor verde escura e teñen un peciolo longo.



Os froitos son aquenios de pequeno tamaño, de forma oval-aplanada e con dúas ás, agrupados nunha infrutescencia cilíndrica que se desfai ao madurar, de xullo a setembro.

AMIEIRA

AMENEIRO, ABENEIRO

(*Alnus glutinosa*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fagales

FAMILIA: Betuláceas

Árbore de copa alta e regular, cónica nos novos e tendendo a globosa nos máis vellos. Pode acadar os 25 m de altura. O toro é recto, ramificado frecuentemente desde a base. A tona é de cor gris a parda e nos exemplares máis vellos case negra e dividida en anchas placas.

Orixinaria do norte de África, Europa e sudeste de Asia. Abonda en toda a Galicia nas zonas de pouca altitude, á beira dos ríos, onde forma bosques de ribeira, e nas zonas lamacentas. A súas raíces teñen unhas bacterias asociadas (*Frankia alni*) que lle axudan a fixar nitróxeno atmosférico. Son descontaminantes das augas e evitan a erosión das beiras dos ríos nas enchentas.

A madeira de amieira é resistente á podremia e emprégase para facer pontes e muíños. Úsase tamén en ebanistería, para facer torneados, zocos e outros obxectos pequenos. A cinza úsouse para fabricar pólvora e a tona en curtiduría. En medicina popular úsanse as follas para sandar os pés doentes ou retirar o leite da muller que cría, e a tona para endurecer as enxivas e fixar os dentes, e para a dor de gorxa.



Amieira. Monforte. Ten máis de 3 m de perímetro no toro e uns 20 m de altura.



As follas son caedizas, de forma redondeada de ata 10 cm de lonxitude, coa beira dentada, de cor verde escura e lustrosa polo dereito. As follas novas son visquentas e douradas.



Os froitos son sámaras protexidas por un envoltorio seco e leñoso que semella unha pequena piña (pseudoestóbilo), de cor negra cando madura.



A flores son unisexuais e nacen, agrupados en acios, no mesmo pé. As masculinas son de cor castaña-crara, teñen catro estames rodeados de catro sépalos formando amentos longos. As femininas son espidas e forman pequenos amentos globosos de cor vermella. Os amentos aparecen no verán, permanecen durante o inverno e maduran de febreiro a marzo

*Glorioso San Sebastián
feito de pau de ameneiro,
primo carnal dos meus zocos,
curmán do meu tabaqueiro.*



Amieira no río Grande de Xuvia, en San Sadurniño.

SALGUEIROS

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Salicales
FAMILIA: Salicáceas

Os salgueiros son árbores ou arbustos moi comúns, dos que se coñecen moitas especies e variedades, espontáneos ou cultivados, e hibridacións entre eles. Adoitan atoparse en zonas húmidas, sebes, bosques de ribeira...

En Galicia coñécense nove especies autóctonas, unha naturalizada (*Salix viminalis*) e dúas ornamentais (*Salix babylonica* e *S. matsudana*). Das especies autóctonas a *S. atrocinerea*, *S. fragilis* e *S. repens* atópanse por todo o territorio; *S. alba*, pola costa e o val do Miño; *S. salvifolia* polo sur; *S. caprea* nas montañas orientais; *S. eleagnos*, *S. triandra* e *S. aurita* teñen localizacións puntuais na desembocadura do Miño e en puntos de Lugo e Ourense.

Os salgueiros desempeñan un papel moi importante como fixadores das ribeiras dos ríos e regatos e son moi útiles para a recuperación de terreos de ribeiras. A madeira é lixeira e emprégase para facer mangos de ferramentas, zocas, palillos, mistos... A tona empregábase en curtiduría e para extraer tintes e salicinina (un composto que forma parte da aspirina). Foi utilizada en medicina para combater a febre e as afeccións reumáticas.

As ponlas dos vimbieiros (vimbios) empréganse para facer cestas, canizos, aros, e para atar as viñas...



SALGUEIRO BRANCO, VIMIEIRO, VIMBIEIRO (*Salix alba*). Pode acadar 25 m de altura, coa copa irregular. A tona é gis-verdosa e nos máis vellos parda-grisácea con gretas verticais. É orixinaria do norte de Europa e oeste de Asia.. A variedade *vitellina* (na imaxe) caracterízase polas ponlas de cor amarela-laranxa. Plántase para aproveitar os vimbios para atar e para facer cestos.



SALGUEIRO NEGRO, ZAO (*Salix atrocinerea*). Arbusto ou árbore que pode acadar 10 m de altura, de copa redondeada e pouco mesta. O toro é dereito e robusto e a tona de cor parda-gris. Atópase por toda Galicia .

As flores son unisexuais, agrupadas en amentos, e aparecen en distintos pés.



O froitos son agrupacións de cápsulas nas que se atopan as sementes diminutas rodeadas de peliños brancos que serven para que o vento as disperse.

Amentos masculinos agrupacións de flores núas formadas por 2 estames de cor amarela.



Amentos femininos, agrupacións de flores formadas por un único ovario cun estilo curto..



Salgueiro no río Lérez (Andón)

SALGUEIRO IRTO (*Salix fragilis*). Pode acadar os 15 m de altura . O toro é curto e dereito coa tona gris ou parda e con gretas profundas cando é adulta.





SALGUEIRO CABUXO (*Salix caprea*). Pode acadar 11 m de altura. Atópase nas montañas orientais de Lugo e Ourense.

CHOPO NEGRO

Pode acadar ata 30 m de altura, de forma columnar, coa copa longa e estreita. O toro é dereito coas ponlas ascendentes que comezan a saír desde o pé. A tona é lisa, de cor gris-castaña nos novos e a medida que se fai vello con fendas verticas negras.

É unha árbore orixinaria de Europa e oeste de Asia. En Galicia é máis abundante na zona oriental. Foi introducida desde a Idade Media e atópase como especie cultivada ou subespontánea. O chopo medra moi rápido nos primeiros anos e gusta de terreos húmidos. É a árbore máis produtiva que existe. Hai variedades que poden talarse en turnos de 8-10 anos. Nalgunhas zonas do sur aparece naturalizado o chopo tremedor (*Populus tremula*) que se caracteriza por ter as follas máis redondeadas e cos rabos máis longos.


A madeira é branda e lixeira e utilízase especialmente para embalaxes, xoguetería e carpintería lixeira. A tona emprégase en curtiduría e para facer tintes. En medicina popular as infusión das xemas empréganse contra as afeccións das vías urinarias, bronquite, artrite, reumatismo, hemorroides. Son moi útiles para empregar como depuradores dos solos e das augas residuais porque reteñen os metais pesados.



As flores son unisexuais, separadas en distintos pés e saen antes que as follas. As flores femininas son amentos de cor branca-verdosa de 6 a 7 cm de lonxitude. As flores masculinas son amentos de cor gris de 5 cm de lonxitude, cos estames encarnados.



Os froitos son cápsulas que se abren na madurez (finais da primavera) para liberar unhas sementes diminutas rodeadas de peliños brancos.



hopos á beira do Lor en Augasmestas.


LAMIGUEIRO

(*Populus nigra*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Salicales
FAMILIA: Salicáceas



As follas son, caedizas, simples, alternas, de 5 a 9 cm de lonxitude, de cor verde brillante polo dereito e máis claras polo revés. Cando nacen son de cor verde-amarela nos exemplares machos e verde-encarnada nos exemplares femia. No outono adquiren unha cor amarela viva.




Chopo negro do Pazo de Mariñán. Acada os 26 m de altura e 4,60 m de perímetro. Ten máis de cen anos.

CHOPO BRANCO

(*Populus alba*)

É unha árbore orixinaria do centro e sur de Europa e Asia Menor. Vive en solos frescos e ribeiras húmidas. En Galicia atópase naturalizado en Ourense, sur de Lugo e leste de Pontevedra e, sobre todo, como árbore ornamental en parques e xardíns, para protexer ribeiras e como abrigo contra o vento. A madeira emprégase para carpintería lixeira. As follas e a tona teñen propiedades astrinxentes e febrífugas.



Os lenticelos escuros salpicando a tona gris crara son unha característica distintiva dos chopos brancos.



FREIXO

FREIXO COMÚN

(*Fraxinus excelsior*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Xencianales

FAMILIA: Oleáceas

Árbore de copa alta e ovoide que pode acadar os 40 metros de altura. O toro é recto, coa tona lisa, de cor verde-gris nos exemplares novos e castaña-gris, con gretas nos exemplares adultos. Os gomos son de cor negra e veludos, apuntados e opostos.

É unha árbore orixinaria de Europa e oeste de Asia que gusta de terreos húmidos e ricos (ribeiras, sebes e bosques húmidos). En Galicia atópase no norte. Nas montañas orientais forma freixedos, pequenas masas de bosque de ribeira.

A madeira é resistente e utilízase para mangos de ferramentas e pezas de carros. As follas teñen propiedades laxantes e diuréticas, a tona para baixar a febre, aperitivo e expectorante.



As follas son caedizas, opostas, compostas, pinnadas de 20 a 25 cm de lonxitude. Formadas por 9-13 folíolos . No outono pónense de cor amarela viva.



As flores, sen pétalos, están agrupadas en panículas que poden conter flores masculinas e femininas mesturadas ou separadas. Os elementos masculinos son simples estames (dous por flor). As flores femininas son pistilos solitarios en forma de frasco.



Os froitos son secos (sámaras), con ás de forma lanceolada duns 3 cm de lonxitude, de cor castaña cando están maduros.

Se queres que o carro ande forte, a un tempo e velaíño, bóttalle o eixo de freixo e as treitoiras de sanguíño.



Freixo común do Parque Castrelos. Vigo. Ten máis de cen anos e arredor de 38 m de altura.

FREIXO DE FOLLA ESTREITA

FREIXA

(*Fraxinus angustifolia*)

(*Fraxinus excelsior*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Xencianales

FAMILIA: Oleáceas

Árbore de copa alta, ovoide e pouco densa que pode acadar os 25 metros de altura. O toro é recto, coa tona lisa, de cor gris-verdosa nos exemplares novos e castaña-gris, con retículas profundas nos exemplares adultos. Os gomos son de cor castaña escura.

É unha árbore orixinaria do sur de Europa, norte de África e oeste de Asia. Atópase en ribeiras e bosques caducifolios húmidos. En Galicia atópase no oeste, centro e sur. A madeira emprégase en ebanistería e para facer ferramentas. A leña e o carbón son de gran calidade. As follas son purgantes e a tona febrífuga e tónica.



Os froitos son sámaras, con ás de forma lanceolada de ata 5 cm de lonxitude, de cor castaña. Maduran a finais do verán.



As follas son caedizas, opostas, compostas, pinnadas de 15 a 25 cm de lonxitude. Formadas por 5-7 folíolos estreitos de forma lanceolada.



As flores, sen pétalos, están agrupadas en panículas que poden conter flores masculinas e femininas mesturadas ou separadas.



Freixo do Pazo de Fefiñáns.. Mide 22 m de altura e 3,49 m de perímetro.



Freixo de Montepando, O Val. (As Nocedas. Monforte de Lemos). Ten máis de 250 anos e mide arredor de 18 50 m de altura e 6,50 m de perímetro.

PRADAIRO

(*Acer pseudoplatanus*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Sapindales

FAMILIA: Aceráceas

Árbore de copa de forma ovoide, ampla e frondosa, que pode acadar os 40 m de altura. O toro é forte, con ponlas curtas e a tona gris escura con placas rectangulares moi rugosas, nos exemplares máis vellos. As flores poden ser hermafroditas ou unisexuais, coas pétalas pequenas e de cor amarela crara, en acios colgantes de 6 a 12 cm e lonxitude.

É unha árbore orixinaria do centro e sur de Europa que vive en solos fértiles e profundos de vales e bosques caducifolios. En Galicia atópase sobre todo nos montes de Os Ancares e O Courel entre 700 e 1.200 m de altitude.

A madeira é dura e emprégase en ebanistería e para a elaboración de contrachapados.



As follas son caedizas, simples, opostas, palmeadas, coa beira serrada de xeito irregular. Poden medir ata 18x26 cm. O peciolo é cilíndrico, de cor encarnada de 15 cm de lonxitude. Adquiren un característica cor amarela no outono. Os froitos son secos e con ás (sámaras dobles) e están agrupados en acios pouco mestos.



“Pravia” de Vilalba. Un pradairo que pode ter máis de 150 anos. Mide 15 m de altura e 4 m de perímetro.



Pradairo no Monte Aloia (Tui).



Pradairo en Vilarpandín (Navia de Suarna)

ARCE DE MONTPELLIER

(*Acer monspessulanum*)

É un arbusto ou árbore que acada pouca altura.

Atópase nalgunhas zonas do val do Sil, sobre todo en Enciña da Lastra.



LAMAGUEIRO

ULMEIRO, OLMO

(*Ulmus glabra*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Urticales

FAMILIA: Ulmáceas


Árbore de copa alta e redondeada que pode acadar os 25 m de altura, co toro recto e a tona bastante lisa e crara, de cor gris. Os gomos son grosos de cor avermellada.

É orixinaria do norte e centro de Europa e oeste de Asia. Vive en bosques caducifolios achegados aos ríos e precisa terras ricas e húmidas. En Galicia é escaso, atópase en Caveiro, no leste de Lugo e nordeste de Ourense.

A madeira, dura e compacta, é moi valorada en construción e para facer esculturas e móbeis. A tona emprégase como astrinxente e para as enfermidades da pel e chagas. Distintas variedades de olmos empréganse como árbores de xardín, para alamedas e para plantar á beira das estradas e moitas veces son difíciles de distinguir porque hibridan entre elas. O ulmeiro común ou negrillo (*Ulmus minor*) cultívase desde hai miles de anos pola súa resistente madeira. Atópase naturalizado nalgúns puntos de Ourense e do sueste de Lugo. A maioría dos exemplares das alamedas son *Ulmus hollandica*, un híbrido entre *U. glabra* e *U. minor*.



As flores dos ulmeiros saen antes que as follas. Agrúpanse en pequenos acios de cor púrpura situados no alto das ponlas núas.



Os froitos son sámaras, de forma oval e aplanados, cunha á dobre e fina. Fórmanse antes da saída das follas.



Ulmus hollandica



Olmo (*Ulmus hollandica*) do Pazo de Lourizán (Pontevedra). Ten máis de cen anos, mide 30 m de altura e 4,24 m de perímetro troncal.

LIDUEIRO

VIRGONDOIRO

(*Celtis australis*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Urticales

FAMILIA: Ulmáceas

Árbore de copa ancha e irregular que pode acadar 30 m de altura, co toro dereito, robusto e curto e a tona lisa de cor gris crara. É orixinaria do sur de Europa e sudoeste de Asia.

Vive en barrancos e bosques.

En Galicia atópase raramente nas marxes dos ríos e preto de prados húmidos en varias zonas de Ourense, posiblemente naturalizada. Tamén hai exemplares en parques e xardíns.

A madeira é resistente e elástica e empregase para facer aparellos e remos. O froito é comestible. En verde emprégase como astrinxente e para deter as hemorroxias.



CAPUDRE

ESCORNABOIS, CANCEREIXO, CARNABUDO, ESCANFRÉS

(*Sorbus aucuparia*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Rosales
FAMILIA: Rosáceas

Árbore pequena de ata 15 m de altura coa copa irregular, aberta, de forma oval ou redondeada, toro recto e tona de cor gris-prataeada con finas estrías. É unha árbore típica de montaña orixinaria de europa e do centro e norte de Asia. Atópase en bosques caducifolios de montaña. En Galicia é abundante nas Serras de Lugo e Ourense en fragas caducifolias de montaña mesturado con bidueiros e outras especies. Existen variedades cultivadas en xardíns e nas rúas das cidades. A madeira é dura e de boa calidade é emprégase en ebanistería e para tornear. Os froitos son un importante alimento para as aves. As follas e a cortiza son astrinxentes e os froitos diuréticos e entiescorbúticos.




Capudre en Piornedo. Os Ancares.



As follas son caedizas, alternas, compostas pinnadas, duns 20 cm de lonxitude, formadas po 9-17 foliolos. O peciolo é de cor encarnada.



Os froitos son pomos esféricos de 0,5 a 1 cm de diámetro, de cor encarnada, coas sementes duras e rugosas.



Capudre no adro da igrexa do Cebreiro.



Flores e follas de sorbeira (*Sorbus aria*)
Hai dúas especies semellantes ao capudre: a sorbeira (*Sorbus aria*), de follas simples, ovais, dentadas, verdes brillantes pola cara e blancas, moi peludas polo revés, e co froito alaranxado, que se pode atopar no Courel, nos Ancares e no Xurés; e o mostallo (*Sorbus terminalis*) coas follas simples, palmeadas e os froitos de cor castaña, que se atopa nas serras orientais.

CERDEIRA

CEREIXEIRA

(*Prunus avium*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Rosales
FAMILIA: Rosáceas

Árbore de copa alta, cónica que pode medir ata 30 m de altura co toro dereito e a tona de cor castaña ou gris, avermellada lixeiramente brillante con tiras horizontais que se desprenden. É orixinaria de Europa e oeste de Asia e atópase en bosques caducifolios e sebes. En Galicia é común sobre todo nas serras orientais e meridionais. Atópase silvestre, cultivada ou naturalizada. A madeira é apreciada en ebanistería e as corres úsanse para facer cestos. A froita para comer e facer licores. Os rabos dos froitos son diuréticos.

En Galicia podemos atopar varias especies semellantes: a Guindeira, a Cerdeira de Santa Lucía (*Prunus mahaleb*) e Pau de San Guirgoriño (*Prunus padus*).

Paxariño comechón
que me andas nas cereixas,
come paxariño come,
pero a ver as que me deixas.



Cerdeira brava no Xurés.



As follas son caedizas, simples, alternas, oval-lanceoladas, coa beira dentada irregularmente. O peciolo é de cor encarnada e con dúas glándulas na base do limbo.



As flores son simples, hermafroditas, con cinco pétalos redondeados, soltos e de cor branca, numerosos estames amarelos e un pistilo. Teñen os rabos longos e agrúpanse en ramiños.



Os froitos (cereixas) son drupas esféricas de 9-12 mm de diámetro, de cor encarnada ou case negra. Madura a comezos do verán e son comestíbeis.



Guindeira (*Prunus cerasus*) Ten os froitos grandes e acedos. Atópase cultivada e subspontánea por todo o país.

LIDOIRO

LOUREIRO REAL, LOUREIRO ROMANO

(*Prunus laurocerasus*)

Árbore de copa globosa, pouco densa e que acada pouca altura. O toro e recto e ramificado desde a base, coa tona lisa de cor gris-parda escura. É unha árbore de orixe mediterránea (sureste de Europa e Turquía). Emprégase como planta ornamental e para sebes. Aparece espontáneo na Serra do Xurés e en algunhas zonas do Norte da Coruña e Lugo.



ACEREIRO

LORO (*Prunus lusitanica*).

Pequena árbore de ata 10 m de altura coa copa baixa e densa, o toro curto e groso coa tona de cor gris escura e lisa. As follas son persistentes, simples, de forma oval-lanceolada coa beira finamente serrada, lixeiramente coirentas, de cor verde escura e lustrosas polo dereito e co peciolo vermello. É orixinaria do leste da Península Ibérica e en Galicia só se atopa na serra do Xurés. Está considerado unha reliquia do Terciario que sobrevive en contados lugares do suroeste de Europa e no arquipélago Macaronésico (Canarias, Azores e Madeira). Emprégase como planta ornamental.



ABRUÑEIRO

(*Prunus spinosa*).

Arbusto ou pequena árbore espiñenta coa copa baixa irregular e pouco densa que pode acadar os 4 m de altura, co toro delgado e a tona de cor parda moi escura. Os froitos son drupas de 10 a 12 mm, de cor negra-azulada e sabor ácido. Atópase por toda Galiza, máis abundante na beiramar en bosques ou formando parte de sebes. O froito emprégase para aromatizar licores. As flores e as follas teñen propiedades laxantes e diuréticas.



ESTRIPO

ESTRIPEIRO

(*Crataegus monogyna*).

Arbusto ou pequena árbore espiñenta que pode acadar os 5 m de altura. É orixinaria de Europa e do oeste de Asia e atópase por toda Galicia en bosques mixtos caducifolios e formando parte de sebes.



Estripero en Goián. Ten 2 m de perímetro no toro.

AMEIXEIRA BRAVA

(*Prunus domestica*).

Arbusto ou pequena árbore de ata 4 m de altura. O froito é unha drupa globosa de 15 a 20 m de cor azul e sabor amargo. En Galicia é rara e pódese atopar no val do Sil e nas Rías Baixas.



PEREIRA BRAVA

(*Pyrus piraster*).

Arbusto ou pequena árbore espiñenta de ata 8 m de altura, coa copa redondeada, o toro curto e delgado e a tona de cor parda-gris con gretas finas. É común por toda Galicia nos sotobosques de carballeiras e piñeiros, nas sebes, á beira dos regatos...



ÉRBEDO

ALVEDRO
(*Arbutus unedo*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Ericales
FAMILIA: Ericáceas

Arbusto ou pequena árbore de copa baixa, densa e irregular, co toro curto e ramificado desde abaixo e a tona pardo-vermella que se desprende en tiras nos exemplares máis vellos. É orixinaria do sur de Europa e vive en bosques secos, ladeiras rochosas e matogueiras. En Galicia atópase nas zonas máis cálidas e secas. A madeira emprégase en tornería e para facer carbón de boa calidade. Os froitos son comestíbles e úsanse para aromatizar licores. As follas e a tona son astrinxentes.



As follas son persistentes, simples, alternas de forma oval-lanceolada coa beira serrada, de ata 11 cm de lonxitude, de cor verde escura e lustrosas polo dereito e máis craras polo revés.



As flores son hermafroditas, coa corola urceolada, brancas ou lixeiramente rosadas, de 7 mm de lonxitude. Forman acios nos extremos das ponlas novas e abren no inverno.



Os froitos son bagas esféricas de cor vermella e textura rugosa, de 2 cm de diámetro. Tardan un ano en madurar.



Érbedos en Ribadumia.



Érbedo do Pazo de Mariñán. É o máis antigo e grande de Galiza. Mide 16,50 m de altura e pode acadar os 150 anos.

ESCORNACABRAS

(*Pistacia terebinthus*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Sapindales
FAMILIA: Anacardiáceas

Arbusto ou pequena árbore de copa baixa, ampla e moi ramificada, toda ela resinosa e aromática. O toro é curto e groso coa tona vermella ou castaña. É unha especie orixinaria do Mediterráneo que vive en lugares secos, sobre todo calcários. En Galicia atópase polo val do Sil ata Montefurado e polo Bibei. Da súa resina extráese a trementina, empregada na fabricación de vernices e cementos dentais. Dos bugallos extráese un colorante vermello. As follas, a tona e os bugallos teñen propiedades astrinxentes.



As follas son caedizas, alternas, compostas, de 15 a 20 cm de lonxitude, formadas por 3-9 folíolos de forma oval rematados en punta. A cor é verde e no outono vólvense de cor carmín.



As flores son unisexuais e nacen en distinto pé, sen pétalas e agrupadas en acios compostos.



O escornacabras desenvolve un bugallos característicos en forma de corno de cor verde a carmín, producidos polo pulgón *Aphis pistaciae*.



Os froitos son drupas ovoides de 5-7 mm de lonxitude, ao comezo de cor vermella e despois castaña nos estériles e verde-azul nos fértiles. Madura a finais do verán e comezos do outono.

SANGUIÑO

(*Rhamnus frangula*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Rhamnales
FAMILIA: Rhamnáceas


Arbusto ou pequena árbore que pode acadar os 4 m de altura coa copa redondeada, o toro curvado e a tona de cor vermella a parda, máis escura e con gretas canto máis vella. É orixinaria de Europa, norte de África e oeste de Asia. Atópase en lugares húmidos e sombrizos nas proximidades de bosques caducifolios e cursos de auga. É común en toda Galicia agás nos sitios máis secos e nas montañas altas. A madeira emprégase para facer carbón. A tona e o froito son laxantes.




As follas son caedizas, simples, alternas, de foma oval, de 3 a 6 cm de ancho e 4 a 8 cm de lonxitude, de cor verde e lustrosas polo dereito e máis craras no revés.



As flores son hermafroditas, pequenas, con cinco pétalos brancos e agrupadas en pequenos grupos nas axilas das ponlas. Florece entre abril e xullo.



Os froitos son drupas de 8 mm, primeiro vermellas e despois negras. Maduran a partir de xullo.



SABUGUEIRO

BIEITEIRO
(*Sambucus nigra*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Dipsacales
FAMILIA: Caprifoliáceas

Arbusto ou pequena árbore que pode acadar os 10 m de altura coa copa baixa e irregular, o toro curto e torto e a tona de cor gris crema con fendas e suberosa nos exemplares máis vellos. É orixinaria do sur de Europa e norte de África. Atópase en solos ricos en nitróxeno en zonas húmidas e ben regadas, formando parte de sebes ou de bosques de ribeira. É común en toda Galiza. A madeira consérvase ben e emprégase para facer estacas. Os froitos para colorear e aromatizar viño. Os talos ocos eran empregados polos rapaces para facer xoguete (cichotes, tiratacos, frautas). Foi moi utilizada polas súas propiedades medicinais: o zume contra as dores de cabeza, a infusión para resfriados, as follas como compresas para as feridas, as flores como sudorífico e diurético.



As follas son caedizas, compostas, pinnadas e opostas, de ata 30 cm de lonxitude, cos folíolos de forma elíptica-apuntada e a beira serrada.



As flores son hermafroditas, pequenas, cunha corola de pétalos brancos e agrupadas en umbelas.



Os froitos son drupas pequenas de cor negra que maduran a finais do verán.

PRA FACER UN FEITIZO...
Sabugueiro da folia repinicada pol-o Mayo estralando de brancas frores collereiche un ramallo na madrugada para facer un feitizo pros meus amores.

Que non fuxan os melros que fan o niño no máis mesto curruncho dos teus verdores: esgazareiche as ponlas moi a modiño pra facer un feitizo pors meus amores.

Cocereiche con cornos de bacaloura, con funcho e con ruda dos arredores da ermida feituqueira da Virxe loura pra facer un feitizo pros meus amores.

Pra este amor, sabugueiro, que me entolece tuas frores segura menciña son, que tí tamén froreces cando frorece, bermelliño de rosas meu corazón.
 Fermin Bouza Brey “ Outros poemas”



ACIVRO

XARDÓN
(*Ilex aquifolium*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Celastrales
FAMILIA: Aquifoliáceas

Arbusto ou pequena árbore de copa cónica, ramificada desde a base, e coa follaxe moi densa, que pode acadar os 15 m de altura. O toro é recto coa tona lisa de cor verde-gris e coas ponlas máis verdes. É orixinaria de Europa, norte de África e oeste de Asia. Vive en zonas sombrizas de bosques caducifolios en solos ácidos. Propia de zonas de montaña. En Galicia é máis abundante na parte oriental, aínda que se pode atopar en moitas carballeiras por todo o país. Emprégase como árbore de sebes e de xardín. A madeira foi moi apreciada para tornear.

Coa parte interna da tona facíase o visgo ou liga para cazar paxaros. En medicina tradicional usábanse as follas como laxantes e diuréticas e os froitos como purgantes. Os acivros cumpren un importante papel ecolóxico como refuxio e alimento de animais durante o inverno.



Acibeiral en Ancares.
Os acevedos, acibeirais ou xardoais son bosques onde domina o acivro. Son pequenos bosques moi pechados e escuros que se sitúan por enriba dos 1.000 m de altitude preferentemente en zonas sombrizas. Pódense atopar no Xistral, Os Ancares, O Invernadeiro e Pena Trevinca.



As flores son xeralmente unisexuais e nacen en pés separados. Nos exemplares masculinos teñen catro estames, no femininos un pistilo globoso e nos hermafroditas todo xunto.



Os froitos son drupas especiais (formadas a partir dun ovario con varios carpelos) de forma esférica e cor encarnada de menos de 1 cm de diámetro. Maduran a mediados de outono e permanecen moito tempo na árbore.

LOUREIRO

(*Laurus nobilis*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Laurales
FAMILIA: Lauráceas

Árbore de copa cónica densa que pode medir ata 20 m de altura. O toro é dereito e moi ramificado coas ponlas erguidas e a tona de cor gris escura, lisa e con lixeiras fendas ou enrugas. As ponlas novas son de cor púrpura. Toda a árbore ten un olor característico. É orixinaria da Rexión Mediterránea. En Galicia posiblemente se conserve como unha especie relictica do Terciario. Atópase espontáneo en fragas montes e sebes ou plantado en sebes e hortas. É unha árbore empregada desde a antigüidade como condimento e polas súas propiedades medicinais (tónico estomacal, carminativo, antireumático) e antiparasitario. É o símbolo da victoria e do trunfo e úsase como sinal cando se remata de facer unha casa ou se ten o viño abillado nunha adega. O loureiro úsase para os esconxuros: “*Loureiro que foches nado sen ser plantado, quitalle o aire a este excomulgado*”, e para preservar das treboadas.

Desgraciado do loureiro que está ao pé do camiño, cada persoa que pasa tiralle o seu ramiño.



Bosque de loureiros na Illa de Cortegada, na Ría de Arousa. Un dos poucos bosques puros de loureiros que se conserva na Península Ibérica. Posiblemente teña orixe antrópica aínda que o abandono da illa desde hai anos favoreceu o seu desenvolvemento.




As follas son persistentes, simples, alternas, lanceoladas (5 a 10 cm de lonxitude) coa beira lixeiramente ondeada, de cor verde escura, duras e brillantes polo dereito e mates polo revés. O peciolo é de cor púrpura escura e moi curto.



As flores son unisexuais e nacen en distinto pé. Están formadas por 4 sépalos e 4 pétalos de cor branca- amarela, as femininas teñen un ovario e as masculinas ramiños de 12 estames.



Os froitos son bagas de forma oval, (1,5 cm. de lonxitude aprox,) cor negra e cunha soa semente.



Loureiro do Pazo de Fefiñáns

AILANTO

(*Ailanthus altissima*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Sapindales
FAMILIA: Simaroubáceas

Árbore de copa alta, esférica e estendida que pode acadar máis de 30 m de altura. O toro é cilíndrico e dereito, coa tona gris clara e lisa nos exemplares novos e escura e enrugada nos vellos. As flores son hermafroditas ou unisexuais masculinas, pequenas, de cor amarela-verdosa, cunha corola de cinco pétalas e agrupadas en acios colgantes. É orixinaria do norte de China e Xapón e emprégase como árbore ornamental. En Galicia atópase na provincia de Ourense e sur de Pontevedra, cultivada e subespontánea,



O ailanto compórtase como unha especie invasora porque rebrota facilmente de raíz.



Os froitos son sámaras coas ás retorcidas de 3-4 cm de lonxitude, de cor variábel antes de madurar (verde, laranxa, vermella...) e despois gris crara, agrupadas en acios.



Ailanto da Carballeira de Cambados.



Ailanto cos froitos maduros. Xinzo de Limia..

NOGUEIRA

NOCEIRA, CONCHEIRO

(*Juglans regia*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Juglandales
FAMILIA: Juglandáceas

Árbore de copa ampla e densa que pode acadar os 30 m de altura co toro dereito e groso que se ramifica a pouca altura en ponlas fortes e ascendentes. A tona é de cor gris con fendas finas cando é vella. Toda a planta despiden un olor característico. É unha árbore orixinaria do Sudoeste de Europa e Asia Central que vive en terreos fértiles, frescos e soltos. En Galicia atópase cultivada e naturalizada. É frecuente sobre todo na zona oriental. Cultívase desde a antigüidade pola súa madeira (fina, dura, pesada e moi decorativa) e para aproveitar as sementes comestíbeis (noces ou conchos). Da tona extráese un tinte, a nogalina. Ten moitos usos medicinais: a tona e os conchos verdes son astrinxentes, dos froitos verdes extráese un tónico para o estómago, o aceite de noz é vermífugo...



Nogueira da Igrexa parroquial de Torre (O Páramo-Lugo). Era a nogueira de máis porte de Galiza, na actualidade está seca. Media 17 m de altura e máis de 3 m de contorno.



Nogueira de Triacastela (Lugo). O toro mide 7,40 m de contorno a 1,30 m de altura. Na base é moito máis groso.



As follas son caedizas, alternas, compostas pinnadas, de ata 40 cm de lonxitude, formadas por 7-9 folíolos ovais-lanceolados coa beira enteira.



Flores masculinas



Flores femininas

As flores son unisexuais. As masculinas agrúpanse en amentos de cor amarela ou amarela-verdosa de 3 a 10 cm de lonxitude. As flores femininas están situadas nos brotes terminais, son pequenas, de cor verde, formadas por un pistilo con 2-5 estigmas amarelos.



Os froitos son drupas carnosas de forma globular, de 4-5 cm de lonxitude, coa superficie lisa e de cor verde con pencas craras. A semente (noz) é grande e ten unha cuberta leñosa, enrugada e de cor castaña crara



MIMOSA

CHORÍN

(*Acacia dealbata*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fabales

FAMILIA: Leguminosas

Árbore de copa esférica que pode acadar 20 m de altura, co toro recto e a tona de cor gris-púrpura, escura nos exemplares adultos.

É unha árbore orixinaria de Australia que se atopa silvestre por moitas zonas de Galicia, en especial no litoral e Ourense. Foi introducida como especie ornamental e nalgunhas zonas constitúe unha praga xa que se propaga facilmente por sementes e por brotes da propia raíz. A madeira empregase en carpintería e as varas como soportes en cultivos de horta.



As follas son persistentes, alternas, compostas, doblemente pinnadas de ata 12 cm de lonxitude.



As flores son espidas e agrupadas en acios de cabezas esféricas de cor amarela intensa. Despiden un arume característico. Florece en xaneiro-febreiro.



Os froitos son legumes aplastadas, de 5 a 7 cm de lonxitude agrupados en acios. Ao secar abren e lanzan as sementes.



ACACIA

(*Acacia melanoxylon*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fabales

FAMILIA: Leguminosas

Árbore de copa densa e ovoide que pode acadar os 30 m de altura, co toro dereito e a tona gris escura ou castaña con fisuras verticais finas. É orixinaria de Australia e Tasmania e foi introducida como especie ornamental procedente de Portugal. Atópase espontánea en moitas zonas da costa, en especial nas Rías Baixas. Pode chegar a converterse nunha praga porque se estende facilmente. A súa madeira é moi dura e apreciada en ebanistería.



A acacia ten dous tipos de follas. As verdadeiras son compostas, doblemente pinnadas, e aparecen so nos exemplares novos. As follas falsas, peciolo transformados (filodios) de forma oval-lanceolada, duras e lisas, son as comúns nos exemplares adultos.



As flores son espidas, agrupadas en acios de cabezas esféricas de 1 a 2 cm de diámetro, de cor amarela crara. Despiden un arume característico. Florece entre marzo e abril.

Os froitos son legumes aplanadas duns 5 a 10 cm de lonxitude. Ao secar abren para deixar saír as sementes.



Acacia do Campus da Universidade Santiago. Ten arredor de cen anos, 23 m de altura e 4,40 m de perímetro troncal.

***Acacia longifolia*.** Árbore ou arbusto de ata 6 m de altura que se pode atopar naturalizada nalgúns puntos das Rías Baixas e nos arredores da Coruña.



FALSA ACACIA

(*Robinia pseudoacacia*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fabales

FAMILIA: Leguminosas

Árbore de copa alta, ampla e irregular, co toro dereito e as ponlas espiñentas. A tona é de cor gris-parda con fendas. Orixinaria do centro e leste de Norteamérica. Atópase plantada e asilvestrada nas beiras de estradas, camiños e ferrocarril, sobre todo polo litoral. Compórtase como especie invasora. Foi moi empregada como especie ornamental. Ten unha madeira dura e de boa calidade que se emprega para facer travesas, mangos de ferramentas, mobiliario... Os exemplares máis antigos e grandes que se atopan en Galicia están nas alamedas de Santiago e Pontevedra e no Parque de Castrelos de Vigo.



Robinia do Parque de Castrelos (Vigo)



As follas son caedizas, alternas, compostas formadas por folíolos ovais (8 a 18) de cor verde-gris. Ten as estípulas transformadas en espiñas



As flores son hermafroditas, papilionáceas, brancas, olorosas e agrúpanse en acios. Florece de abril a xuño.



Os froitos son legumes de 6-8 cm de lonxitude de cor parda lustrosa. Maduran a finais do verán.



Robinias da Alameda do Campo de Santo Domingo. Pontevedra. Foron plantadas a mediados do século XIX. Teñen 17 e 14 m de altura e arredor de catro m de contorno.

EUCALIPTO

(*Eucalyptus globulus*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Mirtales

FAMILIA: Mirtáceas

Árbore de copa cónica, vertical e laxa que pode acadar máis de 60 m de altura, co toro recto e a tona de cor gris a castaña crara que se desprende en tiras verticais. As ponlas e brotes novos teñen sección cadrada con prolongacións nas beiras. Toda a planta ten un cheiro típico. É orixinaria de Australia e atópase formando bosques de plantación en toda a parte baixa de Galicia. É de crecemento moi rápido e compórtase como invasora. Os primeiros eucaliptos de Galicia proceden de sementes chegadas de Australia no ano 1860. Durante anos usouse como árbore ornamental en xardíns e parques, e a partir de 1940 comezou a súa propagación para a repoboación de montes fomentada polas industrias de pasta de papel. A madeira de eucalipto é unha das de mellor rendemento e calidade para fabricar pasta de papel, pero tamén se emprega en construción (armazóns, pisos), bateas, móbeis... As follas empréganse en infusión contra os catarros e bronquites. En Galicia podemos atopar outras especies de eucaliptos en cultivos forestais ou como especies illadas en parques e xardíns.



Eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) do Pazo de Rubiáns (Vilagarcía). Miden 42 e 40 m de altura e o máis grosso ten 12 m de perímetro.



O eucalipto ten dous tipos de follas persistentes: as novas son de forma oval-lanceolada, de cor verde-gris crara (cubertas de cera) sentadas e opostas; as adultas en forma de fouce, coirentas, son alternas e non fan sombra.



As flores son hermafroditas, espidas, formadas por un cálice cónico e tapadas por un opérculo que ao desprenderse deixa ao descuberto numerosos estames finos e un pistilo grosso.



Os froitos son caixas de forma cónica de na que destacan as costelas laterais. Ábrese por varios cortes radiais na parte alta e deixan caer as sementes.



Eucalipto da Casa de Reimunde. Reiriz (Foz-Lugo). Ten 48 m de altura e máis de 10 m de perímetro.

PIÑEIRO

PIÑEIRO BRAVO PIÑEIRO DO PAÍS

(*Pinus pinaster*)

CLASE: Ximnospermas
ORDE: Pinales
FAMILIA: Pináceas

Árbore de copa alta, cónica nos exemplares novos e globosa e irregular nos vellos, que pode acadar 30 m de altura. O toro é dereito, coas ponlas verticiladas e abertas, a casca é gris nos exemplares novos e castaña-vermella, moi cuarteada, nos exemplares vellos.

É orixinaria do Mediterráneo occidental. En Galicia é unha das árbores máis abondosas como consecuencia das repoboacións feitas nos últimos 200 anos. Pódese atopar por todas partes desde a beiramar ata os 1.500 m. de altura. Os piñeirais ocupan o 36% da superficie arborada de Galicia e están formadas, na súa maior parte por piñeiro do país (*Pinus pinaster*). A madeira utilízase para construción, para facer embalaxes, móbeis e para fabricar tableiros e pasta de celulosa. As piñas como combustíbel e as follas (faíscas, candeas...) como cama para o gando. As xemas novas empréganse como balsámicos e contra a bronquite.



As follas son acículas longas e estreitas de 15 a 25 cm de lonxitude, de cor verde grisácea, coirentas, rixidas e persistentes, dispostas por pares. Os conos portadores das sementes (piñas) son de forma oval cónica, algo torcidas, de ata 20 cm de lonxitude e 8 cm. de ancho. Maduran aos 2 anos e abren para soltar as sementes (piñóns). Os piñóns son leñosos, de cor negra, cunha á membranosa que lle serve para que o vento os disperse. Miden 1 cm de lonxitude.



As flores son unisexuais. As masculinas son grupos de pequenos conos de forma oval situadas nas ponlas baixas, formadas por unha bráctea que sostén dous sacos polínicos grandes. As flores femininas son pequenos conos leñosos de ata 2 cm de lonxitude, de cor encarnada, que aparecen nos brotes terminais. En cada escama leñoisa leva dous óvulos. Florece entre febreiro e abril.

PIÑEIRO MANSO

(*Pinus pinea*)

O máis característico deste piñeiro é a copa esférica nos exemplares novos e en forma de parasol nos exemplares vellos. Atópanse pés illados perto da costa e en zonas de influencia mediterránea. Os piñóns son grandes (2 cm)e comestibles.



Piñeiro manso de O Castro. Ponteareas (Pontevedra). Ten máis de douscentos anos, mide 30 m de altura e case 5 m de perímetro.

PIÑEIRO DE MONTERREI

(*Pinus radiata*)

Orixinario de California. É sensible ao frío e á xeada e so se planta en zonas próximas ao mar. A acículas miden de 10 a 15 cm de lonxitude a van en grupos de tres. As piñas son cónicas, de ata 12 cm de lonxitude. Os piñóns son pequenos (7 mm) e coa á longa.



Piñeiro de Monterrei do Monte Aloia (Tui-Pontevedra). Mide 27 m de altura e case 5 m de perímetro.

PIÑEIRO RUBIO

(*Pinus sylvestris*)

Foi unha especie clímax en Galicia no Cuaternario. Na actualidade só se atopa plantado como especie de repoboación nas zonas altas. A acículas miden de 4 a 6 cm de lonxitude a van en grupos de dúas. Os conos (piñas) son cónicos, de 5-6 cm de lonxitude. Os piñóns son pequenos (5 mm) e coa á longa.



NO PINAL

Arrecende a resina e marusia...

Baixan do monte os corvos revoando e na flauta o rapaz que garda o gando repenica unha donda canturía.

Rosma o vento mareiro unha elexia antre os pinos, xemendo e barbullando, e un abó coa netiña vai xuntano as faíscas ao pé da serventía...

Ramón Cabanillas “No desterro”, 1913

TEIXO

TEIXEIRO

(*Taxus baccata*)

CLASE: Ximnospermas
ORDE: Taxales
FAMILIA: Taxáceas

Árbore de copa cónica, ancha que pode acadar 15 m de altura. O toro é curto e groso coas ponlas abundantes e horizontais que saen desde a base. A tona é parda-gris avermellada e escamenta.

É orixinaria de Europa e sudoeste de Asia que vive en zonas de montaña, en bosques mixtos e barrancos sobrizos. O teixo atópase en Galicia en estado silvestre formando un pequeno bosque en Pena Trevinca e exemplares illados mesturados con outras especies nas Serras Orientais, e como árbore ornamental en parques e xardíns.

É unha árbore moi lonxeva (o máis antigo que se coñece, con 3.000 anos, está en Fortingall, Escocia). A madeira é de moi boa calidade e resiste moi ben a pudrición. Usouse para a construción de barcos e para peares. Todas as partes do teixo son velenosas agás o arilo que recobre a semente. Contén un alcaloide, a taxina, que produce a morte en pouco tempo. Foi empregado en medicina tradicional como abortivo. Segundo conta a lenda os galaicos do Monte Medulio envelenáronse cunha beberaxe feita con froitos de teixo para non ter que rendirse aos romanos.



As follas son persistentes, simples de forma acicular, aplanadas e sen peciolo, de cor verde escura, poden medir ata 3 cm.

O falso froito está formado por un arilo carnoso e esférico de aproximadamente 1 cm de diámetro, de cor vermella que envolve a unha semente única.



Detalle do toro dun teixo



Flores masculinas

As flores son unisexuais e nacen en pés diferentes. As masculinas forman inflorescencias pequenas de cor amarela pálida e brotan sobre as axilas das follas. As femininas nacen illadas no extremos dos brotes, están reducidas a un óvulo envolto por brácteas.



Teixedal de Pena Trevinca. Casaio. (Carballeda de Valdeorras). Está situado na vertente norte de Pena Survia. É un bosque de teixos único en Europa que conta con arredor de 300 teixos de grandes dimensións, os máis altos con 20 m de altura e os máis grosos con 4 m de perímetro troncal. Está incluído dentro do espazo “Pena Trevinca” proposto para a Rede Natura 2000.



Teixo da Igrexa de Córneas. (Baleira-Lugo). É o de maior antigüidade de Galicia, con máis de 400 anos. Mide 14 m de altura e 7,40 m de perímetro troncal.

“Baixa o lobo polo ollo do bosco movendo nas flairs dos teixos ruxindo na folla dos carreiros en busca da vagoada máis sola e máis medosa...”
Uxío Novoneira “Os Eidos”, 1981

Teixo da Casa de Riba (A Pasada, Fontaneiro-A Baleira). Mide máis de 20 m de altura e 9 m de perímetro no toro.



Piñeiro de Cuíña., Oural de Arriba (Guntín de Pallarés-Lugo). É un dos máis antigos de Galiza, con máis de 100 anos. Mide 33 m de altura e máis de 4 m de perímetro.



Piñeiro de Leiro. Pontedeume (A Coruña). Mide 35 m de alto e 4 m de perímetro troncal. Ten arredor de 100 anos.

FROITEIRAS

En Galicia hai unha gran cantidade de árbores froiteiras (segundo algúns cálculos máis de 2.500.000). A maioría atópanse en pequenos grupos de especies diferentes nas hortas, ao pé das casas, e case unicamente producen froita para o autoconsumo. A máis extendida é a maceira, que tamén foi a única que se plantou tradicionalmente con fins comerciais. No Norte da Coruña e de Lugo destinábanse á elaboración de sidra. Séguenlle en importancia as pereiras, os pexegueiros, os limoeiros, as cerdeiras, as figueiras, os marmeleiros... Outras especies atópanse en localizacións máis puntuais: laranxas e mandarinas nas Rías Baixas, pavías no Ribeiro, mirabeis no Rosal...Actualmente pódense atopar case todas as especies que soportan o clima: feixoas, caquis, níspero xaponés, augacateiros...

OLIVEIRA

(Olea europaea)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Xencianales
FAMILIA: Oleáceas



As follas son persistentes e opostas.



As flores poden ser unisexuais ou hermafroditas, moi pequenas e cos pétalos brancos.



O froito é a oliva, unha drupa de ata 3 cm de lonxitude, de cor negra ao madurar.

Debaixo da oliveira non chove nen hai orballo, meniña se has de ser miña non me deas máis traballo.



Oliveiras do Pazo de Santa Cruz. Ortigueira (Vedra-A Coruña). Varias fileiras rodeando os prados onde se poden atopar arredor de 500 exemplares plantados desde comezos do século XVI. Os máis grandes miden 13 m de altura e case 4 m de perímetro troncal.

PEREIRA

(Pyrus communis)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Rosales
FAMILIA: Rosáceas



Pode acadar ata 10 m de altura, aínda que xeralmente é de pequeno tamaño. A tona é de cor gris escura con pequenas placas. As flores son completas, con cinco pétalos brancos. É orixinaria do oeste de Asia.



Da miña pereira as peras, todiñas me van roubando, unha a unha, tres a tres, sen elas me vou quedando.

MACEIRA

(Malus communis)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Rosales
FAMILIA: Rosáceas



Árbore de copa irregular e moi ramificada que pode acadar os 6 m de altura, co toro bastante curto e frecuentemente retorcido e as ponlas moi ramificadas. A tona é de cor gris. É orixinaria de Europa Oriental. En Galicia é moi abundante, téñense rexistradas centos de variedades: das que polo menos 24 son autóctonas.



PEXEGUEIRO

(Prunus persica)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Rosales
FAMILIA: Rosáceas



Ten a copa baixa e irregular, e pode acadar os 6 m de altura. O talo é curto, ramificado desde abaixo, cas ponlas bastante dereitas e a tona é de cor gris-vermella. É orixinaria da China e moi extendida por toda Europa. As follas empréganse como laxante en medicina tradicional.



FIGUEIRA

(Ficus carica)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Urticales
FAMILIA: Moráceas



Arbusto ou pequena árbore de copa ampla e irregular que pode acadar os 5 m de altura, co toro curto, frecuentemente retorcido e moi ramificado, coas ponlas despregadas e caídas. A tona é lisa de cor gris con manchas máis escuras. É orixinaria da cunca Mediterránea e do sudoeste de Asia. Atópase por toda Galicia cultivada e naturalizada. Os figos aproveítanse para comer e ten moitos usos medicinais: a savia para curar as espullas e a carie dental, os figos como laxantes ou para calmar a tos, as follas para tapar feridas...



A figueira do Meco atópase nunha pedra da Siradella (O Grove) e está relacionada coa lenga do Meco. Conta a tradición que o Meco era un cacique do Grove que cometía moitos abusos. Unha noite apareceu colgado dunha figueira. Cando a xustiza preguntou ¿Quen matou ao Meco? o pobo respondeu ¡Matámolo todos!. Segundo os veciños esa figueira daba figos vermellos. Posiblemente existiu outra figueira máis antiga á que xa fai referencia Frai Martín Sarmiento.



CLAUDIEIRA

(Prunus domestica)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Rosales
FAMILIA: Rosáceas



Árbore de copa irregular e extendida que pode acadar os 10 m de altura. Hai moitas variedades con froitos de tamaños, cores e sabores diferentes.



LIMOEIRO

(Citrus limon)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Rutales
FAMILIA: Rutáceas



Árbore coa copa de forma redonda ou irregular que pode acadar os 6 m de altura. A tona é de cor verdosa escura con finas fendas verticais. Ten espiñas nas ponlas. Toda a planta desprende un olor característico. É unha árbore de orixe asiática moi extendida como cultivo por todo o Mediterráneo. En Galicia é común nas hortas das zonas cálidas. En medicina tradicional o froito usábase como antiescorbútico.



A laranxa e o limón medios ciruxáns son.

LARANXEIRO

(C. sinensis)

Máis alto e frondoso que o limoeiro, coas follas persistentes, ovais, de cor verde escura e a flores brancas, moi perfumadas.



Outros cítricos que podemos atopar en Galicia son, as mandarinas (*C. reticulata*) e, plantadas para adorno, as laranxas amargas (*C. aurantium*).

Xa fun a Marín xa pasei o mar, xa comín laranxas do teu laranxal.

ÁRBORES DE PARQUES E XARDÍNS

CAMELIA

CLASE: Anxiospermas
ORDE:Teales
FAMILIA: Teáceas




Árbores ou arbustos da familia das teáceas de follla persistente, flores moi vistosas e froito seco en forma de cápsula. Son orixinarias do Xapón e Corea. Coñécense máis de 3000 variedades cultivadas. A camelia é a árbore de xardín máis representativa de Galicia, onde é moi abundante, sobre todo nas Rías Baixas. O cultivo de camelias ten unha gran tradición desde finais do século XVIII e comezos do XIX e celébranse varios concursos e festas de exaltación. Cultívanse sobre todo tres especies *C. japonica*, *C. reticulata* e *C. sasanqua*.

Camelia japonica

Árbore de copa globosa que pode acadar ata 15 m de altura, co toro curto e a tona de cor verdosa ou castaña-gris.



As follas son persistentes, simples, alternas, de ata 10 cm, coa superficie lisa, coirenta e brillante.



As flores son simples e completas, con 6 pétalos redondeados de cores diferentes segundo a variedade (branca, rosa ou vermella), un pistilo e numerosos estames de cor amarela. Florece no outono-inverno.



Na maioría das variedades cultivadas as flores son estériles porque a selección favoreceu a transformación dos órganos reprodutores en pétalos para conseguir flores máis chamativas. Algunhas acadan ata 20 cm de diámetro



Camelia xapónica “Matusalén” do Pazo de Castrelos (Vigo). Plantada en 1860. Ten 7,50 m de altura, 3,75 m de contorno troncal e unha copa de case 16 m de diámetro.



Os froitos son cápsulas duras e leñosas de forma esférica que ao abrírense soltan varias sementes grandes e duras.

Camelia sasanqua

Ten porte máis arbustivo, en xeral non supera os 6 m de altura. As follas son máis pequenas e as flores saen no outono e son perfumadas. A máis grande atópase no pazo Torres de Agrelo (Redondela), con 9 m de altura e arredor de 150 anos.



Camelia reticulata

Distínguese polas follas máis lanceoladas cunha marcada nerviación en retícula. Produce flores moi variadas e de gran tamaño. Florece no inverno.



Camelia reticulada. Pazo de Oca. (A Estrada-Pontevedra). O o máis vello da súa especie, con uns 135 anos. Mide 10,50 m de altura e 1,55 m de perímetro troncal.

MAGNOLIA

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Magnoliales
FAMILIA: Magnoliáceas

Árbores ou arbustos da familia da magnoliáceas orixinarios de Asia, América, As Antillas e Filipinas, con follla persistente ou caediza e flores grandes e chamativas. Son especies moi primitivas, o que se aprecia na súa estrutura floral, pola disposición e o grande número dos órganos de reprodución das flores. En Galicia son moi abundantes e cultívanse diversas variedades. As máis comúns son a *M. grandiflora* e a *M. soulangeana*.

Magnolia grandiflora


Árbore de copa cónica e ampla que pode acadar os 25 m de altura, co toro dereito e robusto e a tona é gris, fendida en pequenas placas. É orixinaria dos montes de California



As follas son persistentes, simples de forma lanceolada coa beira enteira, de ata 25 cm de lonxitude e 10 cm de ancho. Son duras, lisas e brillantes polo dereito e castañas e peludas polo envés.



Magnolia grandiflora de Santa Rita. (Narón-A Coruña). É a máis vella das que se coñecen en Galiza. Ten máis de douscentos anos, mide 14 m de altura e 6 m de perímetro troncal.



As flores son simples e completas, de ata 25 cm de diámetro), formadas por 3 sépalos verdes, 6-12 pétalos brancos e carnosos e numerosos estames de cor púrpura dispostos en espiral, e numerosos ovarios.

Os froitos agrúpanse nunha estrutura semellante a unha piña que cando abre deixa ver as sementes.



Magnolia grandiflora do Pazo Serantellos (Cambados-Pontevedra). Ten arredor de 150 anos e mide 15 m de altura e 4 m de diámetro troncal.

Magnolia soulangeana

Magnolia de follla caediza que florece profusamente antes de botar as follas a finais do inverno e comezos da primavera.



Magnolia soulangeana. Pazo de Gandarón. Carballeira. (Pontevedra). Foi plantada a finais do século XIX e ten arredor de 16 m de altura.

Flor de magnolia soulangeana. Son brancas por dentro e de cor rosa craro a rosa púrpura por fóra.




TULIPEIRO DE VIRXINIA

(*Liriodendron tulipefera*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Magnoliales
FAMILIA: Magnoliáceas



É unha árbore orixinaria do leste ne Norteamérica que pode acadar 50 m de altura. Ten follla caediza que no outono adquire unha fermosa cor amarela.



As flores son simples, de cor verde-amarela e saen no extremo dos brotes no verán.



Os froitos son agrupacións en forma de piña de cor castaña crara e desfanse ao madurar.



Tulipeiro do Parque de Castrelos (Vigo). Mide 28 m de altura e 6 m de perímetro troncal.

TILLEIRA

(*Tilia platyphyllos*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Teáceas
FAMILIA: Tiliáceas

Árbore de folla caediza, coa copa ampla, abombada e mesta que pode acadar os 30 m de altura. É orixinaria do Sureste de Europa e Asia Menor. As flores empréganse en infusións.



Flores de *Tilia tomentosa*.

Froitos de Tilleira
O rabo do froito leva unha bráctea laminar típica de forma oval-alongada que axuda á dispersión das sementes.



Tilleiras (*Tilia platyphyllos*) do Pazo de Oca. (A Estrada-Pontevedra). Arredor de 50 exemplares de máis de 100 anos e ata 30 m de altura, dispostos en dúas fileiras.



Tilleiras protegadas (*Tilia tomentosa*) do mosteiro de Oseira (San Cristovo de Cea-Ourense). Cinco exemplares, o máis grande de ata 26 m de altura. Foron plantados hai uns 70 anos.

PLÁTANO

(*Platanus acerifolia*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Hamamelidales
FAMILIA: Platanáceas

Árbore de copa ampla e alta que pode acadar os 50 m de altura co toro dereito e forte e a tona de cor verde-gris que se desprende en placas que deixan manchas de cor amarela crara. É un híbrido entre o platanos occidental, orixinario do leste de Norteamérica e o oriental, orixinario do surlleste de Europa. Medra rapidamente e soporta moi ben os ambientes das cidades e a contaminación. É unha das árbores máis comúns nos parques, á beira das estradas e rúas. En Galicia atópanse numerosos exemplares monumentais entre os que destacan os dos pazos de Mariñán, Dompniñor, Castrelos, Lourizán, Soutomaior ou Bazán, o paseo do Espolón en Padrón ou a praza de Azcárraga na Coruña.



Plátanos do Pazo de Dompniñor (O Incio-Lugo). O máis grande ten 46 m de altura.

Plátanos do Pazo Mariñán (Bergondo. A Coruña). Foron plantados a finais do século XIX. Algúns exemplares acadan 50 m de altura. a case 6 m de perímetro troncal.



Plátanos do Pazo de Castrelos. Os máis grande miden 46, 45 e 38 m de altura e máis de 5 m de perímetro troncal.



As flores femininas e os froitos nacen en agrupacións esféricas que aparecen en ramiños.

As follas son caedizas, simples e alternas e poden superar os 20 cm de lonxitude.



LIQUIDAMBAR

(*Liquidambar styraciflua*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE Hamamelidales
FAMILIA: hamamelidáceas

Árbore de orixe americana, que pode acadar 40 m de altura. A tona nas ponlas medra en forma de costelas de cortiza.



Froitos verdes

Liquidámbar do pazo de Torrecedeira (Redondela). Acadan 35 m de altura.

CARPE

(*Carpinus betulus*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Betuláceas

Árbore que pode acadar os 30 m de altura. É orixinario de Europa e do suroeste de Asia. En Galicia non é moi común. As follas son caedizas, simples, de forma ovada coa beira dobremente dentada e no outono adquieren unha cor amarela moi viva.



Carpes do Pazo de Castrelos (Vigo). Miden de 23 a 30 m de altura.



Os froitos son aquenios rodeados dunha bráctea trilobulada



CARBALLO AMERICANO

(*Quercus rubra*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

Árbore da familia das fagáceas que pode medir ata 25 m de altura, co toro dereito e forte e tona de cor gris prateada crara e con estrías. Os froitos (landras) tardan dous anos en completar o seu desenvolvemento. É orixinaria do leste de América do Norte. Os exemplares máis grandes de Galicia atópanse nos pazos de Rubiáns (Vilagarcía), Torrepenelas (Portas) e xardíns do Castro (Vigo).



Carballo americano. O Castro (Vigo).



As follas son caedizas, simples, de 10 a 25 cm de lonxitude, ovais, lobuladas e dentadas. Coloréanse vivamente no outono.



Carballo “fastiguiata” do Pazo de Santa Cruz de Rivadulla. Ten arredor de 150 anos e mide máis de 32 m de altura e 4 m de perímetro troncal. É unha variedade de carballo común que se caracteriza por ter as ponlas erguidas.



ARCE

Son árbores de follas opostas e lobuladas e cos foitos con ás (sámaras dobles). Son moi valoradas para os parques e xardíns, en especial polas vivas cores das súas follas no outono.

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Sapindales
FAMILIA: Aceráceas



Acer palmatum no outono..



Arce americano (*Acer negundo*). Ramo con froitos. Árbore, orixinaria de América do Norte. Coas follas opostas e compostas.



Arce real (*Acer platanoides*). Parque de Castrelos (Vigo). Mide 34 m de altura.

SÓFORA

Árbore orixinaria da China. Ten as follas compostas e os froitos son legumes carnosas.

Sophora japonica
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fabales
FAMILIA: Leguminosas



Detalle de follas e froitos



Sófora da variedade “pendula” do Pazo de Lourizán (Pontevedra).



Sóforas dos Xardíns do Posio (Ourense). Teñen máis de 100 anos. A máis grande mide 20 m de altura e máis de 3 m de perímetro troncal.

FREIXO FLORIDO

Árbore de flores de cor branca en grandes acios terminais.

Fraxinus ornus
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Juglandales
FAMILIA: Oleáceas



Freixo florido do Pazo Mariñán. (Bergondo-A Coruña), no outono. Mide 13 m de altura.




LIGUSTRO

Árbore ou arbusto de folia persistente que pode acadar máis de 12 m de altura. É orixinario da China.

Ligustrum lucidum
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Juglandales
FAMILIA: Oleáceas



Ligustro do adro da igrexa de Fefiñáns. Ten máis de cen anos.



CASTIÑEIRO DE INDIAS

Árbore orixinaria dos Balcáns coa copa abombada e densa, que pode acadar os 30 m de altura. Emprégase desde antigo como ornamental e é moi popular en Galicia. Os exemplares máis destacados atópanse no xardín de Padrón, no pazo de Meirás e no parque de Castrelos (Vigo).

Aesculus hippocastanum
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Sapindales
FAMILIA: Hipocastanaceas



Castiñeiro de Indias do xardín de Padrón. Mide arredor de 29 m de altura.



As follas son caedizas compostas-palmeadas, moi grandes, formadas por 5-7 folíolos.



As flores son hermafroditas, de cor branca ou rosada, agrupadas nunha panícula vertical. Florece en abril.



Os froitos son esféricos e espiñentos, de cor verde e ao abrir liberan as sementes, xeralmente unha, de forma globular e cor castaña brillante.

As castañas de indias (chamadas tamén castañas das Bruxas) usábanse tradicionalmente para dar sorte e espantar as meigas. Tamén se poñían nos roupeiros para que non se picase a roupa. A tona da árbore e as castañas son vasoconstrictoras e empregábanse tradicionalmente contra as hemorroides.

OMBÚ

Árbore da familia das fitolacáceas, de orixe sudamericana, que destaca pola estrutura do seu toro, ancho na base do que saen moitas ramificacións. Xeralmente a folia é persistente pero en Galicia, polo clima, compórtase como caediza.

(Phytolaca dioica)



Ombú do pazo de Santa Cruz de Rivadulla.



Ombú do Centro Cultural de Santa Cruz. (Oleiros-A Coruña). Ten 13 m de altura e un toro formado por varios brazos cun perímetro en conxunto de 15 m.

RODODENDRO

Arbusto ou árbore que pode acadar 15 m de altura coas follas persistentes simples, alternas e de forma lanceolada coa beira enteira. Atópase cultivado en gran cantidade de parques e xardíns. As flores dos rododendros son hermafroditas, coa corola acampanada e agrupadas en ramiños. As cores varían de branca a encarnada, rosa ou púrpura.

(Rododendron arboreum).
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Ericales
FAMILIA: Ericáceas



Rododendro do pazo de Serantellos (Cambados-Pontevedra). Dous exemplares de 12,5 e 13,5 m de altura e aproximadamente 150 anos.



Rododendro do Pazo de Castrelos



METROSIDEIRO

Árbore orixinario de Nova Zelandia, raro en Galicia. Destaca polas raíces aéreas que colgan dos seus talos.

(Metrosideros excelsa)



Metrosideiro do Xardín da Torre de Andrade (Pontedeume). Ten 22 m de altura e 5 m de perímetro no toro



Metrosideiro do Patio da Policía Municipal (A Coruña). Ten máis de cen anos e mide 18,50 m de altura e 6,38 m de perímetro troncal.

EUCALIPTO

Árbores da familia das mirtáceas das que se coñecen máis de 500 especies, orixinarias de Australia e illas próximas. En Galiza, ademais das especies forestais, pódense atopar outros eucaliptos como especies singulares en parques e xardíns.



EUCALIPTO VERMELLO
Eucalyptus camaldulensis
Ten a tona avermellada que se desprende en placas irregulares cando é vello, as follas de tona avermellada e as flores e froitos pequenos. É cultivado en pouca cantidade e ocasionalmente aparece naturalizado pola zona litoral



Eucalypto do maná. Casa de Órdax. As Lombas. Castro de Rei

EUCALIPTO DO MANÁ
Eucalyptus viminalis
Ten a tona branca-crema, as follas máis estreitas e rectas e as flores máis pequenas. Atópase cultivada e ocasionalmente naturalizada na zona litoral.



EUCALIPTO VERMELLO
Eucalyptus calophylla
Parque Compostela (Vilagarcía). Plantados en 1929. Miden 18 e 14 m de altura.



EUCALIPTO CINSENTO
Eucalyptus cinerea.
Castelo de Soutomaior. Mide 24 m de altura.



EUCALIPTOS CORNUDOS
Eucalyptus cornuta
Parque Compostela (Vilagarcía). De 34 e 29 m de altura. Plantados en 1929.



Eucalyptus grandis
No xardín botánico de Lourizán atópanse máis de 50 especies de eucaliptos, entre os que hai varios exemplares de gran porte.

BUXO

Arbusto ou árbore que pode acadar os 5 m de altura coa copa baixa e densa.É unha especie orixinaria de Europa, norte de África e sudoeste de Asia, cultivada desde moi antigo para formar sebes e abeirar paseos. En Galicia atópase naturalizada, nas serras orientais, onde se cree que é espontánea A súa madeira é moi apreciada para torneado e emprégase para instrumentos musicais.



As follas son persistentes de ata 15 mm de lonxitude, de cor verde escura e coirentas, e co peciolo curto



Buxos da illa de San Simón (Cesantes-Redondela)



Buxos do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra-A Coruña). Son os máis vellos de Galicia. Atópanse formando paseos e algúns en estado silvestre. Os máis grande miden 8 m de altura e teñen arredor de douscentos anos.

SALGUEIROS

A especie de adorno máis común é o salgueiro chorón (*Salix babylonica*) do que se cultivan distintas variedades e híbridos. Caracterízase polas ponlas flexibles e colgantes que lle dan á copa un aspecto aparasolado e amplo.




Salgueiro chorón. Monforte (Lugo).



Salgueiros choróns híbridos (*Salix x sepulcralis*). Praza de Estrela (Vigo). Teñen 10 a 30 m de altura)

PALMEIRAS



PALMEIRA CANARIA
Phoenix canariensis
Ten as follas pinnadas, arqueadas, de 5 a 7 m de lonxitude, flores pouco aparentes, en pés separados, en grandes acios de espigas amarelas. Os froitos son drupas ovais de 2 a 3 cm de lonxitude, de cor amarela e parda ao madurar. É orixinaria das Illas Canarias.

Palmeira canaria. Xardíns Méndez Núñez (A Coruña). Entre o grupo de palmeiras canarias destes xardíns atópase a máis grande de Galicia con 25 m de altura.



PALMEIRA DO SENEGAL
Phoenix reclinata.
Xardín Padrón. Mide 11 m de altura. Destaca pola gran cantidade de talos que emite desde as raíces.



WASINTONIA
Washingtonia robusta.
Pazo de Santa Cruz (Vedra-A Coruña). Miden 25 e 26 m de altura. As wasintonias son palmeiras orixinarias de México e do suroeste dos Estados Unidos co estipe vertical e alto e as follas en forma de abano co limbo dividido radialmente ata a metade.

PALMA EXCELSA
Trachycarpus fortunei.
Parque de Castrelos (Vigo). O toro está recuberto de febras escuras. As follas son planas, grandes e divididas radialmente ata a metade. É orixinaria do sur de China.

Monocotiledóneas de porte arbóreo co toro febroso sen ramificar e as follas grandes, pinnadas ou palmeadas. Son comúns nos parques e xardíns das zonas costeiras. A máis abundante é a palmeira canaria.



PALMEIRA DATILEIRA
Phoenix dactylifera.
Pazo de Mariñán (Bergondo-A Coruña). Miden 11,50 e 14, 50 m de altura. É unha especie orixinaria do sahara e zonas limítrofes. Os dátiles empréganse como alimento.



BUTIA BRASILEÑA
Butia capitata.
Pazo de Castrelos (Vigo). Hai atro exemplares de 8 a 9,50 m de altura. Son palmeiras orixinarias de Sudamérica.



WASINTONIA
Washingtonia filifera.
Praza de Compostela (Vigo). Mide 23 m de altura. É orixinaria de California.

LIVISTONA DE AUSTRALIA
Livistona australis.
Pazo de Castrelos (Vigo). Mide 15 m de altura.

GINKGO



(*Ginkgo biloba*)

CLASE: Ginkgopsida

ORDE: Ginkgoales

FAMILIA: Ginkgoáceas

Árbore de copa irregular, delgada e estreita, que pode acadar os 30 m de altura. O toro é dereito pouco ramificado, coa tona de cor gris-castaña crara con sucos e fendas. É unha especie dioica orixinaria da China. Considérase un fósil vivo por ser o único representante actual de especies do Xurásico.



Ginkgos do Xardín de Fonseca. Santiago. Miden 26 e 21 m de altura e teñen arredor de 130 anos.



A semente está rodeada dunha envoltura carnosa que ao madurar é de cor amarela e de olor desagradable.



Ginkgo no outono.

CRIPTOMERIA

Cryptomeria japonica

Conífera orixinaria de Asia Oriental que se caracteriza por ter as follas persistentes en forma de lesna e conos globosos pequenos moi abundantes. Coñécese tamén co nome de cedro xaponés.



Criptomeria (variedade *Elegans*). Pazo de Oca (A Estrada). Mide 27 m de altura e case 4 m de perímetro troncal. Esta variedade de criptpmeria ten as copas amplas e redondeadas e as súas follas cambian de cor no inverno como resposta ao frío.



ALCIPRESTES

Co nome nome común de alcipreste coñencense varias xéneros de ximnospermas da familia das cupresáceas (*Cupressus*, *Chamaecyparis* e *Thujas*), que se caracterizan por ter as follas escamiformes, as flores femininas e masculinas separadas no mesmo pé ou en pés diferentes e os conos pequenos e globulares.

ALCIPRESTE DE CALIFORNIA

Cupressus macrocarpa



Alcipreste de California. Pazo de Quintáns (Meis-Pontevedra). Ten uns 140 anos. Mide 30 m de altura e 8,6 m de perímetro troncal.



Alciprestes de California do Xardín do Malecón. (Ortigueira-A Coruña). Impresionante paseo de alciprestes formado por 15 exemplares. Os máis antigos foron plantados a finais do século XIX, miden máis de 22 m de altura e de 6 a 7 m de perímetro troncal.

TUIA

TUIA XIGANTE

Thuja plicata.

Orixinaria de América do Norte. As ponlas son aplanadas e as follas, ao fregalas, despiden un olor a limón e eucalipto mesturado. Os conos son pequenos e alongados.



Tuia xigante do Pazo Torres Agrelo (Redondela-Pontevedra). Media 32 m de altura ata que un raio lle rompeu o toro principal.



ALCIPRESTE MEDITERRÁNEO

Cupressus sempervirens.

É orixinario do sudoeste de Asia e leste do Mediterráneo. A principal característica é o seu porte columnar-cónico e as ponlas cilíndricas.

“O ALCIPRÉS E A ERMIDA”

*Millenta soles deron volta ó mundo
desque unha santa man benedictina
chantou en terra este alciprés altivo
cabo da ermida.
As sedentas raíces alongadas
ó maino río, as ponlas arrandea
na luminosa outura dos froilidos
campos de estrelas.
O tronco forte, rixido e cincento
enmantado en follaxe verdemouro,
vive sereo, estático, calado,
místico ensono...*
Ramón Cabanillas en “Samos”, 1958.



Alcipreste mediterráneo de Samos (Lugo). Ten preto dos 500 anos e mide 26 m de altura e 3,25 m de perímetro troncal.

ALCIPRESTE DE LAWSON

(*Chamaecyparis lawsoniana*).

É orixinario de Oregón e California.



O xénero *Chamaecyparis* caracterízase por ter as ponlas aplanadas e os conos moi pequenos.

Alcipreste de Lawson do Castelo de Soutomaior (Pontevedra). Foi plantado a finais do século XIX. Mide 31 m de altura. O toro está formado por seis brazos que se ramifican desde abaixo e que en conxunto miden máis de 6 m de contorno



CALOCEDRO

Calocedro de California

Calocedrus decurrens.

Cupresácea de porte columnar, coas ponlas aplanadas. É orixinaria do oeste de Norteamérica.



Calocedro do castelo de Soutomaior (Pontevedra).



ARAUCARIAS

Coníferas de folia perenne con toros monopódicos e ponlas verticiladas, coas follas escamiformes, agudas e duras, de tamaños variados. Os conos desfanse na árbore.

ARAUCARIA DE CHILE, PEHUÉN

Araucaria araucana

É unha árbore orixinaria dos Andes arxentinos e chilenos.



Araucaria de Chile do Castelo de Soutomaior (Pontevedra). Mide 26 m de altura e 2,40 m de perímetro troncal.



ARAUCARIA DO BRASIL

(*Araucaria angustifolia*).

Xardín de Caldas (Pontevedra).

Mide 32 m de altura



Piñas de araucaria excelsa.



ARAUCARIA EXCELSA *Araucaria heterophylla*

Pazo de Lourizán (Pontevedra). Mide 33 m de altura e 3,10 de perímetro troncal.

Ten máis de cen anos.

SECUOIAS

SECUOIA VERMELLA

Sequoia sempervirens

É orixinaria do sur de Oregón e California, de copa piramidal que no seu lugar de orixe acada máis de cen metros de altura. As follas son lineales-aciculares de aproximadamente 2 cm de lonxitude.



Secuoia vermella Pazo Soutomaior (Pontevedra). Ten máis de 100 anos. Mide 39 m de altura e 9,25 m de perímetro troncal.

SECUOIA XIGANTE

Sequoiadendrom giganteum.

É orixinaria de California. Ten as follas moi pequenas e agudas.



Secuoia xigante. Parque Rosalía de Castro (Lugo). Hai varios exemplares. O máis grande mide 31, 5 m de altura.

As TAXODIÁCEAS son unha familia de coníferas formada por árbores de follas escamiforme-aciculares persistentes ou caedizas.


METASECUOIA

Metasequoia glyptostroboides

É unha árbore de folia caediza orixinaria do suroeste de China.



Metasecuoia do Pazo de Lourizán. Pontevedra. Mide 28 m de altura



CUNINGAMIA

Cunninghamia lanceolata

Árbore rixinaria da China, de copa columnar irregular. Os conos son ovoides e pequenos. As máis grandes atópanse no Pazo de Gondomar e miden arredor de 40 m.



Cuningamia do Parque Caldas de Reis. Mide 31 m de altura.



TAXODIO

Taxodium distichu

Coníferas de folia caediza que adquiren unhas vistosas tonalidades no outono. Son orixinarias de México e do sudoeste de Estados Unidos onde habitan en zonas pantanosas. Emiten unhas características raíces aéreas (neumatóforos) para suxeitarse mellor nos terreos lamacentos e coller aire.



Taxodio do Xardín de Artime (Vilagarcía). Mide 33 m de altura e 5,80 de perímetro troncal e posiblemente sexa un dos máis grandes de España.



As PINÁCEAS son unha familia de coníferas coas follas aciculares que abrangue os piñeiros, os abetos, os cedros e os alerces.

CEDROS

Son orixinarios das montañas de Asia Occidental e norte de África. Caracterízanse por ter dúas clases de acículas, unhas que se insiren illadas sobre ponlas longas e outras agrupadas en feixes sobre ponlas curtas. As piñas desintégtranse na árbore ao madurar.



Cono do cedro coa súa típica forma globosa.

CEDROS DO HIMALAIA

Cedrus deodara.

Xardíns de Vincenti (Pontevedra).

Teñen arredor de cen anos e miden 23 a 27 m de altura.



CEDROS AZUIS (*Cedrus atlantica*, variedade *Glauca*). Pazo de Gandarón (Pontevedra). Miden 26 a 30 m de altura.



CEDRO DO LÍBANO


Cedrus libani.

Pazo de Lourizán (Pontevedra).

Mide 30,5 m de altura e 5,20 m de perímetro troncal. Ten arredor de 120 anos.

ABETOS

Co nome de abetos coñécense varias árbores de aspecto semellante -típico porte piramidal- que se distinguen pola posición e tamaño dos conos, entre as que están os abetos verdadeiros (que teñen os conos ergueitos que se descaman na árbore), as piceas (cos conos colgantes) e as tsugas e pseudotsugas (cos conos colgantes máis pequenos).



ABETO

Abies alba

Monte Aloia (Tui)




ABETO DE DOUGLAS

Pseudotsuga menziesii

Castelo de Soutomaior.

Mide 32 m de altura.

E unha árbore orixinaria do oeste de Norteamérica que pode acadar unha gran altura. As follas desprenden ao fregalas un aroma de limón.




PINSAPO

PINSAPO

Abies pinsapo

Pazo de Trasalba (Amoeiro).

Ten 25 m de altura e 6,50 de perímetro no toro.



ABETO DO CÁUCASO

Abies nordmanniana

Poseo da Ferradura, (Santiago).

Chamado "A Perona" por ser plantado por Eva Duarte de Perón en 1947. Mide 32 m de altura e 3,80 m de perímetro troncal. Este abeto é orixinario do Cáucaso e nordeste Turquía.



PICEA



Detalle dunha ponla de picea coas piñas colgantes.

PICEA COMÚN

Castelo de Soutomaior.

A PROTECCIÓN DAS ÁRBORES

As árbores merecen protección e respecto como elementos integrantes da biodiversidade do planeta, pola súa aportación ao mantemento da calidade do aire e do ambiente. Ademais, algúns exemplares deben ser protexidos de forma especial polo seu valor biolóxico (idade, tamaño, estrutura, singularidade, rareza...), polo seu valor cultural (tradición, historia...) ou simplemente pola súa beleza.



Os principais problemas que afectan ás árbores son as cortas indiscriminadas, os incendios, a contaminación e o ataque das pragas.
Nos últimos 10 anos perdéronse máis árbores que nos 1.000 anteriores.



Cada día de verán quéimanse en Galicia, por término medio, preto de 30 ha de monte. O ecosistema forestal tarda un mínimo de 25 anos en recuperarse.



PATRIMONIO PERDIDO

Cada ano, como consecuencia da falta de sensibilidade, de accidentes, de incendios e de sucesos naturais (raios, pragas...) desaparecen exemplares singulares do patrimonio arbóreo.



Castiñeiro caído por causas naturais no Espazo Protexido de Quintela de Catasós.



Castiñeiro de Bemibre. Viana do Bolo. Cortado hai uns 40 anos. Tiña máis de 14 m de contorno.



Castiñeiro de Folgueira, en Sobrado de Picoto (Lugo), imaxe de 1949.



Carballo da Painza, Arzúa.



Árbores de cidade
As árbores da cidade esmorecidas, tristesiras: non cometeron delito e teñenas prisioneiras!...

... As árbores da cidade non teñen contentamento: ¡respiran fume e non aire!
¡Por terra teñen cemento!
Manuel María "As rúas do vento ceibe"

Moitas actuacións urbanísticas fanse sen ter en conta as necesidades das árbores para sobrevivir, isto, aínda que o pareza, non é protexer unha árbore.



Hai tres espazos declarados Monumentos naturais polo gran interese das súas árbores: o Souto do Retorta (Chavín-Viveiro), a fraga de Catasós en Lalín, e o Souto de Rozabales en Manzaneda



O 21 de Marzo celébrase, desde 1971, o DÍA da ÁRBORE.

Todos temos a obriga, a nivel individual e colectivo, de coidar, respectar e protexer as árbores, para poder obter delas todos os beneficios que nos ofrecen. A xestión sostible do bosque debe estar baseada nunha planificación racional que defina claramente os usos máis axeitados para cada terreo e especie arbórea, salvagardando a diversidade biolóxica.



A árbore

Viaxeiro, escoita:

eu son a táboa do teu berce, a madeira do teu barco
a superficie da túa mesa, a porta da túa casa.

Eu son o mango da túa ferramenta,
o bastón da túa vellez.

Eu son o froito que te regala e te nutre,
a sombra benfeitora que te acobilla
contra os ardores do verán,
o refuxo amábel dos paxaros
que aledaron cos seus cantos as túas horas
e limpan de insectos os teus campos.

Eu son a fermosura da paisaxe,
o encanto da horta,
o sinal da montaña,
o lindeiro do camiño...

Eu son a leña que te quenta
nos días de inverno,
o perfume que te regala
e embalsama o aire a todas horas,
a saúde do teu corpo
e a ledicia da túa alma.

Por último, son a madeira do teu cadaleito.
Por todo isto, viaxeiro que me contemplas,
ti que me plantastes coa túa man
e podes chamarme fillo,
ou que me contemplaches tantas veces,
mírame ben, pero...
non me fagas dano.

Rabindranath Tagore.

FOTOS: Adela Leiro Lois, Isaac Pontanilla Pérez, Lucía Leiro, Carmela García, Mon Daporta, Xoán Colazo Pazó, Rafael Collazo Torres.
-Pakenham, Thomas: "Áboles excepcionales del mundo". Ed Blume. Barcelona, 2003.
-Rodríguez Dacal, Carlos e Izco Sevillano, Jesús: "Árboles Monumentales en el Patrimonio Cultural de Galicia". Xunta de Galicia, 2003.
-Elorrieta e Artaza: "El castaño en España", 1949



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE